

Especial
Letras
Galegas
a Manuel
María



Páxina 19-33

Festa
do Corpus
Christi,
2016



Páxina 36

Francisco
Peña
nomeado
"Fillo
Predilecto
de Ponteareas"



Páxina 38

Cumio
Inter-
nacional
de Medio-
ambiente e Saúde,
en Ponteareas



Páxina 40-41

Termatalia 2016 celebrarase en México



No Tianguis Turístico de México presentouse oficialmente Termatalia 2016 que se celebrará do 29 de setembro ao 1 de outubro no Estado de Coahuila de Zaragoza. A presentación de Termatalia 2016 correu a cargo do subsecretario de Turismo de Coahuila, Luís Alfonso Rodríguez Garza, que re-

presentaba ao Gobernador do Estado, Rubén Moreira, e do director de Termatalia, Alejandro Rubín Carballo quen indicou que "a celebración neste país contribuirá a poñer en valor o enorme potencial en turismo de saúde de todo México". Rubín agradeceu "a implicación e interese

mostrado por todos os axentes do sector para que a feira finalmente celébrese aquí e que asegura que os estados mexicanos vaian responder a esta convocatoria do mesmo xeito que responderon as provincias arxentinas en 2014 na que estiveron presentes 19 de 21 provincias termais".

Telf: 986 64 08 34



Ahora Nueva Gama de Productos Selectos:

- Rocas de Chocolate
- Variadito de Pasteles
- Tarta de Frambuesa
- Sublime de Cacao
- Tarta de té

Todas ellas personalizables con tu foto o dibujos infantiles. A partir de 2 Kg

CONFITERIA
Regino

TLF: 986640834

Ponteareas (Pontevedra)

Opinión

Cadernos da viaxe

Por: Xoán Antón Pérez-Lema

O talento do audiovisual Galego

1 2 Academia Galega do Audiovisual entregou n'A Coruña os Premios Mestre Mateo. Unha gala marcada polo absoluto dominio d'"O descoñecido" (12 agasallos de 16 nominacións). Tamén pola axeitada visibilización dos técnicos que fan posíbel os nosos produtos audiovisuais (rexedores, electricistas, carpinteiros de rodaxe), que por primeira vez entregaron parte dos agasallos. E pola preocupación por acadar meirandes cotas de igualdade de xénero. Nin unha soa directora entre os catro nominados. Como para pensar e actuar. Salientábel foi a ausencia do Goberno de Galicia e do partido que o mantén. Nin o Presidente, nin o Vicepresidente non un só Conselleiro. Tampouco foi o voceiro parlamentario do PP. Contrastaba esta ausencia coa presenza de todos os demais partidos, nomeadamente dos da nova política. Se o PP quería amosar en público a súa despreocupación e desafección a respecto do futuro dun sector da importancia económica e cultural do audiovisual galego conseguiu. Mensaxe recibida, Monte Pío. A actual desafección da Administración galega contrasta co consenso político existente dende 1999 ao 2009, co desenvolvemento dunha Lei Audiovisual apro-

bada por unanimidade no noso Parlamento. Xa que logo, acadouse un nivel moi bó en canto a cantidade e calidade de técnicos, actores ou directores. Por desgraza, a industria audiovisual galega non é quen de reter este grande talento e moitas tiveron que emigrar. As series españolas están inzadas de actores e actoras de reparto galegos. Outros moitos en desemprego ou subempregados. As condicións de traballo en canto salarios, descansos, xornada, etc. son sinxelamente inaceptábeis. Foi precisamente a unidade do sector o eixo do discurso do Presidente da Academia, Carlos Ares, que tamén incidiu na necesidade de que o público galego lle esixa máis ao seu audiovisual. A presentadora da TVG, Marga Pazos, por outra banda, insistiu en considerar indisolúbel o audiovisual galego da nosa lingua. O rol da TVG é indisolúbel do uso do galego nos nosos produtos audiovisuais. Despois, podemos falar de nos abrir ás dobraxes, de captar rodaxes foráneas a medio dunha boa Film Commission e doutras medidas potentes para relanzar o sector.

Urxe, en calquera caso, unha fonda remuda da política de desafección que Feijóo implantou hai sete anos cara o noso audiovisual.

Ocorrencias nada políticas

Un dos fenómenos políticos máis interesantes dos últimos tempos son as candidaturas de unidade cidadá ou "confluencias", que integran partidos, axentes sociais e persoas do común de moi variada pluralidade. A cidadanía agasalla a unidade, reconece a superación das diferenzas e aposta forte por esta caste de respostas políticas. Vímolo nas eleccións locais en Madrid e Barcelona e, no noso país, n'A Coruña ou Compostela.

Mais a praxe desta caste de instrumentos políticos habería ter en conta sempre que a cidadanía outorga a súa confianza para unha acción política urxente e de mínimo común denominador. Isto é, para construímos unha gobernanza transparente e ética, para pormos a economía ao servizo das persoas e para arrincarmos a corrupción, entre outros obxectivos de ampla converxencia. Xa que logo, estarán de máis ocorrencias como a promoción do veganismo (opción persoal respectábel, pero que non pertence ao ámbito do mandato recibido pola cidadanía), a consideración do aleitamento materno como o único xeito admisíbel para criarmos nenos ou a imposición da doutrina decrecionista,

que non é un elemento teórico de xeral aceptación entre as bases cidadás destes novos instrumentos políticos.

Doutro xeito córrese o risco de entrar no ámbito propio da burremia, onde se insiren propostas como a da CUP de Manresa substituindo tampóns e compresas por copas vaxinais ou a bolivariana recomendando á muller venezolana o uso de toallas sanitarias supostamente revolucionarias.

A xente vota esta caste de alternativas políticas para que resolva os problemas da gobernanza do común dende parámetros de servizo cidadán, renovación e participación democrática. Non vota, pois, para que os seus representantes así eleitos inflúan no ámbito propio das decisións persoais de cada unha nin para crearmos novos problemas onde non os había.

Compre, pois, atendermos ao importante, priorizar unha boa xestión transformadora e lembrar a busca constante do mínimo común denominador que permita integrar e seducir máis sociedade. Por riba de todo, compre non perdermos o oremus.



Europa decaída e gris.



Baldomero Iglesias Dobarrío

Mero

Non entendo a Europa esta, na que nos vemos envoltos. E non entendo o que nos pasa diante dos ollos e tanto nos consume e nos conmove, para deixarnos abortos na incredulidade de sabermos persoas con algo de sentido, conscientes, quizais seres humanos. Síntome avergoñado do espectáculo que nos presentan cos refuxiados. Parecemos seres sen corazón nin sentido. Por un lado a dor desgarrada de tanta morte nos atentados e por outro lado o macabro espectáculo dos expulsados refuxiados sen destino. O mesmo inimigo, no mesmo saco vai todo. O inimigo é o mesmo, pero nun caso doe a vida perdida e noutro non doe a morte gañada. Trunfa

novamente a falta do máis elemental, trunfa o negocio por riba da solidariedade. Trunfa o negocio da venda de armamento por riba de saíremos felices que non axunta. Trunfa a mercadería por riba da irmandade, mesmo non atopamos a mínima humanidade que sempre caracterizou aos que din humanos e sobre todo aqueles que din gobernan en nós. Que saberán eles de goberno cando polo que vemos carecen de conciencia! A min arrepiame o espectáculo, e vexo que lograron o que pretendían deshumanizando e desculturizando. Aquilo que empezou sendo unha tenda na que os países ricos vendían o que lles sobra aos países pobres, aquilo que comezou sendo un caramelo na saída dun colexio para os que non soñabamos larpeiras. Aquilo que despois quixo, ao darse conta do esperpento, gañar honor e honra conformando un horizonte de

dereitos e principios democráticos, agora vese ao trasluz como unha trampa. Nunca deixou de ser aquela tenda de vender o que sobra, no escaparate de luxo e moedas cheas de relucientes cores, a abundancia. Por detrás da cortina, pesticidas agresivos, armas de destrución, danos colaterais, guerras preventivas, grandes réditos, débedas abusivas, recortes de dereitos, negociado de aranceis, deportacións masivas, impostos indirectos, protocolos policiais degradantes, arameos cortantes nas vallas das fronteiras, fame, violencia. Vinte e oito estados en pé de rexeitamento dos refuxiados que buscan un lugar tranquilo, nin sequera un soño! E no mar miles de mortos, nenos que morren coa pregunta nos beizos, coa incompreensión dun mundo tan miserable! Como moito, dámoslles insufribles campamentos e a vergoñenta cifra de querer situar 160.000 persoas. Iso si, coa dú-

bida de se virán con boas intencións. Que mesquiños somos! Que mesquiños son, para mellor falar, porque eu visto o comportamento non me sei representado neles. Os nosos gobernantes son mesquiños e, cada día que pasa, enorme para quen sofre, demostran a súa ruindade. Chegaron a un trato co goberno

turco: páganlle o aluguer da desfeita. Cheiran mal, por iso mellor canto máis lonxe. Non lles importou saltarse as leis da Convención de Xenebra sobre o dereito de asilo e das expulsións en quente. Que vergoña! Devólvenos a calquera sitio, pagan ben non sei cantos miles de millóns de euros, tamén os mandan a zonas

de guerra onde serán executados por fuxir dela, por fuxir da humanidade que os esquece. Alá vai a Europa do honor e da honra. Segue a ser a Europa gris do gris negocio, ultraliberal, xenófoba, un brazo executor do delito que se ampara en acordos, en odios. A esta Europa só a moven intereses bastardos no negocio dos parvos. Nós, aliados, mercamos o que a outros lles sobra. É para botar peca-dos!



Por: Isidoro Gracia



Os faraons tiñan por costume facer borrar de obeliscos e templos os nomes dos seus antecesoros menos apreciados, moitos deles sufriron a mesma sorte polos seus

sucesores.

Aproveitando calquera circunstancia, por exemplo o aniversario da II República, algúns dirixentes políticos, nun intento de cambiar ao seu gusto a historia, eliminan as referencias doutras épocas, ata a distancia de séculos, en nomes de rúas, edificios, salóns, ata de festas e efemérides ben arraigadas no acervo popular, ou escondendo estatuas e obras máis ou menos artísticas, sen darse conta do inmenso erro que cometen, cando pasan a liña vermella da satez.

Para comezar, grave e inútil erro cultural, nin os faraons evitaron que se recuperase, ata miles de anos despois, a memoria daqueles dos que quixeron eliminar o recordo. Tampouco Stalin facendo borrar das fotos e libros aos que ía purgando, ou ordenando o seu eliminación física, evito que hoxe saibamos que moito

Quen esquece a historia esta condenado a repetila

deles fixeron moi importantes achegas á revolución que lle serviu para encaramarse ao poder. Nin os nazis reescribindo os libros de historia, ou queimando masivamente todos aqueles que lles disgustaban, e destruindo as pinturas e obxectos de arte "dexenerados", conseguiron impoñer "a súa ortodoxia" ao futuro.

Seguindo cos antecedentes que traen consecuencias hoxe, esa filosofía condiciona erros de valoración política que poden conducir a graves conflitos. Un exemplo ben próximo: un alto dirixente das novas forzas políticas, ao ignorar que Cataluña non paso de ser un principado, non moi importante, do reino de Aragón, e que os seus condes pasaron de vasallos do rei de Francia, ao rei de Aragón, e nunca independentes, ademais de agravar ao territorio que hoxe lle elixiu como representante, contribúe a alimentar conflitos que poden chegar a enfrontamentos, como os 6 ó 7 que conduciron ata a guerras entre conciudadanos.

Pero sobre todo erro de inxustiza coa memoria

duns dirixentes desa República que predicaron co exemplo de respectar democráticamente a historia anterior a eles. As decisións deses dirixentes, intentaron preservar o patrimonio de todos, aínda cando iso si dando acceso a el ao pobo llano, non é moi coñecido pero ata cando expropiaron parte dos mosteiros, templos e seminarios, estes quedaban a disposición da Igrexa (outro tema foron os excesos dalgunhas forzas e grupos), o que si eliminaron foi o culto e o clero de estado. Para ensinar historia nin se derribaron estatuas, nin se incauto arte (algo si mandase aos museos) nin se reescribiu a historia, ao contrario, nos libros, que por primeira vez intentaban que chegasen a todos, quedaba ben claro o papel que cada personaxe tivo na historia da España que eles querían. Os personaxes como Felipe V, Fernando VII, a Raíña Rexente, e demais existiron e convén que se recorde o que fixeron, se é posible todo o que fixeron. E si, a II República foi derrocada mediante un golpe de Estado e unha cruenta guerra entre conciudadanos, e houbo 40 anos

dunha ditadura encabezada por Franco, e é máis que conveniente que non se perda a memoria, se é posible de nada. Igual que é imprescindible recordar que nos xa 38 de Democracia xogaron un papel relevante figuras e dirixentes, que nos poden gustar máis ou menos, pero son papeis que non temos dereito a ignorar, e si obrigación de transmitir aos nosos herdeiros, sen esquecer nada do importante.

É posible que a Lei de Memoria Histórica sexa algo pacata e curta, pero é democrática e hai que cumprila, pero as febres adanitas (por Adan) que intentan apropiarse só dunha parte desa memoria e desbordala con excesos, non conducen a nada intelixente. Cando algún dos actuais dirixentes tome decisións para recuperar "a súa memoria" debe valorar os problemas que xorden cando entra esa febre de eliminar, esquecer e intentar dar marcha atrás, porque é inútil, e ata perigoso, como o demostran os antecedentes citados ao principio. Outro problema engadido será cando outros convecinos tamén queiran recuperar "o seu".

Como bo republicano a miña posición é intentar recuperar "o noso" e iso marca límites.

Por: Edu Pérez (Arbo)

Rematou a diversion

Lego el comandante y mandó apagar. Foi unha semana intensa, charlas, coloquios, xornadas técnicas, comida, bebida, charangas, orquestas, tvg, radio galega, Si Radio todo en directo para Galicia e o mundo, xente moita xente, políticos moitos políticos, lampreas, moitas lampreas, viño moito viño, pero chegou o luns, como sempre día soleado como ven sendo costume; chegou a calma, chegou a pílora do día despois, xa so queda lixo moito lixo, a pesadilla dos limpiadores, bares cerrados, a xente a descansar deixando o sulfato para o martes, o médico a tope en busca de baixas, os feirantes a recoller os bártulos, os aparcamentos vacíos, as estradas abertas, ... en definitiva a norma-

lidade dun pobo que se convirte en embigo do mundo durante uns días.

Os portugueses de en fronte voltan a sellar o totoloto e o euro millón coincidindo con a súa festa nacional do 25 de abril despois da resaca na festa do alvarinho.

Pero é lei de vida, sempre e así e xa temos que esperar o ano que ven, e chega outro ano e pasa tamén.

Pero durante eses días fálase de Arbo e da súa lamprea en todos os recunchos, en todas as cidades e tamén na capital, todo quisqui entende de alvarinhos, de lamprea, de pesqueiras, de Romanos e do Cesar; de rece-

tas culinarias da preparación da lamprea, pasan polos poexos, o chocolate a compota de mazán, os picatostes e os restaurantes de Barcelona e Madrid que fusionan a súa alta cociña facendo un apaño de mousse de lamprea con sorbete de papaya.

Nos discursos non pode faltar Cunqueiro nin a pinta de cobra que ten o ciclóstomo, tampouco D. Manuel Fraga como un claro impulsor da lamprea na capital, nin Camilo Jose Cela que seica un día discutiu con ela.

E do viño, ..., tamén se fala de viño, de alvarinho, de condado, de treixadura, de monovarietal, de espumosos, de aromas silvestres,

de lixeiros toques de melocotón en boca, de sulfatos e do caro que saí o novo carnet de aplicador., dos tractores expostos na Arbo-mostra que seica eran moi grandes.

Así é a vida. Rematou a romería, rematou unha semana na que todos nos sentimos importantes o redor dun peixe que representa a nosa Vila en todo o mundo. Nós seguiremos indo a armar as pesqueiras, a coidar as viñas, a vender as uvas a precio de saldo, despois dun ano de traballo para que durante tres días se fale no mundo da excelencia do nosos viños e se cale, coma sempre, o mísero precio da materia prima.

Ata o ano que ven; e VIVAMOS COMO GALEGOS.

Por: Andrea Goro

Unha voda sustentable? si, quero!



Hai dous anos coñecín unha rapaza de Estremadura que casou o mes pasado cun mozo de Burdeos. Invítáronme á voda porque fixeramos boas migas cando estábamos en París. Daquela, atraíame deles, ademais do seu optimismo, o seu gusto polas aventuras. Mais, por enriba de todo, admiraba a súa teima por compartir ideas e aprender cousas novas. Así foi que, un ano antes de casar, embarcáronse nun proxecto que con-

sistiu en percorrer varias cidades de Francia e España en bicicleta, coñecendo xente que levaba estilos de vida sustentables. Tendo isto en conta, cando chegou a súa invitación ao meu buzón, eu xa sabía que aquela ía ser unha cerimonia ben diferente das que coñecera anteriormente. Que non son moitas, vaítes, mais suficientes para facerme unha idea do que hoxe en día significa para moitos unha festa de enlace matrimonial. O convite tivo lugar nunha finca de Cáceres, e asistiron persoas de moitos países diferentes. Cada un contribuíu cun prato típico da súa terra. O meu acompañante e mais eu lanzámonos á estrada, dende Galicia, coas empanadas artesás nos asentos de atrás. Ao principio amolounos ter que ocuparnos da comida,

pero cando chegamos alí e vimos bandexas cheas de manxares deliciosos e exóticos, caímos na conta



de que fora unha idea estupenda. Desfrutando das espectaculares vistas do campo ao solpor, demos boa

conta de toda aquela comida. É certo que en contacto coa natureza é maior o apetito. Nada houbo que tirar, pois volvemos xantar ao día seguinte. As bebidas puxéronnas os anfitrións, e o que non se bebeu, devolveuse. Desperdicio, cero. Agasallamos a parella cunha figura de Sargadelos, pois queríamos algo artesán e autóctono para eles, que valoran tanto o traballo manual. E o propio vestido da noiva foi deseñado e confeccionado por unha costureira extremeña. Eu decidín reutilizar un vestido vello con moitas flores. O único requisito que nos puxeron é que fomos cómodos para bailar e coloridos, facendo xogo coa primavera. Abofé que bailamos, e gozamos de cantos e guitarreos dos convidados

andaluces. Se ben a mestura cultural foi unha das pezas clave deste día especial, gustoume máis que nada a mestura de xeracións. As persoas maiores -cando non estaban na pista de baile- ficaban sempre acompañadas dos máis novos. As conversas eran o suficientemente interesantes para que ningún se escondese detrás do seu teléfono.

Foi un día no que trunfou o intercambio, a solidariedade e a innovación. Dende o meu punto de vista, así deberían ser tódalas vodas.



Editorial

Cantos somos, a como nos toca?

Non se estrañen polo titular. Son arroutadas que a un se lle ocorren cando le certas cousas nos medios, sobre todo relativas á política a nivel de Estado e a nivel de País (que son cousas totalmente diferentes, aínda que exista quen di non entendela; alá cada quen. Podiamos dicir aquilo de “cando natura non da salmántica non presta”.

Tivemos eleccións ás Cortes Xerais do Estado para elixir a 350 deputados. E abofé que os eliximos, pero serviu de pouco. Coma se foran árbores mal plantadas, despois de 2 meses e pico, murcháronse. Aínda que o tempo que tiveran de vida souberon aproveitalo de “carafio”; permítante este palabro por non utilizar outro que vdes. teñen no maxín. Falaron e falaron pero non se entenderon. Xa se sabe que non hai maior xordo que o que non quere ouvir. Aquí houbo xordos a manta. Uns dicían que o deles era a defensa dos cidadáns e dos seus intereses; outros dicían o mesmo pero non ao mesmo prezo. Todo era cuestión de prezos.

Os cidadáns de a pé, que non do PP, estivemos expectantes diante dun xogo de triler que nunca ensinaron as cartas de verdade. Claro

que se un xogador ensina as súas cartas dura menos tempo na mesa de xogo que un caramelo no patio dun colexio. Así foron pasando os días e os meses. Uns repartían a pel do oso e aínda non saíran a cazar. Outros esperaban sentados diante da porta para ver pasar o cadavre dos seus adversarios (que non inimigos, digo eu). Non faltaron os que ansiosos de coller cacho, fora como fora, arriscaron todo o que lle permitiron. Claro que había liñas vermellas que non se podían saltar. Aquí, como en calquera sociedade que se precie de moderna existe, como na Roma clásica, o Consello de Anciáns, os Aiatolás, que marcan territorio, non vaia ser que uns pretenciosos lle auguen a festa. Foron moitos anos de apretarse os machos, de asentar ban as cousas, para que cheguen un ninguéns, como diría Neira Vilas, a estragarlles o negocio. E menudo negocio. Pensen que soste unha portas xiratorias ben engraxadas non é tarefa fácil.

E así chegamos ao día de hoxe no que xa temos anunciadas outras novas eleccións. Votamos outra vez ou botámoslos a todos? Difícil resposta. Quen somos nós para cambiar a canle do Amazonas iso só poden facelo as empresas multina-

cionais; e vaia se o fan. Son quen de secar o río con tal de regar a súas hortas particulares. Nós teremos que armarnos de paciencia e voltar ás urnas. Que importa!! Total, aínda que dedidamos non asistir aos prolegómenos do banquete, eles ían repartirse a tarta igualmente. Polo menos utilicemos o noso dereito de onde teñen que sentarse; se á esquerda ou a dereita da mesa do banquete político

que terán durante catro anos. Menos da unha pedra, non cren?

Vaian a votar. Dense o pracer de marcarlle territorio aínda que logo, unha vez que lle indiquemos o asento vanse agarrar a el como lapas. De aí o titular, cantos somos e a como nos toca. Non imos descubrir aquí as cantidades suculentas que nós lles pagamos para que non se fagan mala milk.

Que vdes. sexan felices, se poden!!



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias

publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Deseño e maquetación: Miguel G. Montero

Colaboradores:

GALIZA: Jesús Losada (jlosadadorado@gmail.com) – Rocio Rodríguez (luzro81@hotmail.com) – Montserrat Rodríguez (cursosospanhol.cep@gmail.com) – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – L. Mtnéz. Risco – Fco. Peña – Nemesio Barxa – Andrea GORO – Anxo Mena – I. Otero Varel – Susi Rodríguez

PORTUGAL: Viale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – Manuel Gonçalves – João Martinho.

MADRID: –Juan Louzán – BARCELONA : Fdez. Valdeorra – PAIS VASCO. Nicolás Xamargo.

CANARIAS: Fco. Puñal.

NOVA IORQUE: Fco. Alvarez (KOKI)

Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto –Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena, Pepe Carreiro, X. Marín, M. Fernández (HERMENAGER)

Depósito legal: VG-138-2015

NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO
XORNAL GALEGO-PORTUGUÉS DE GALIACIA

Redacción de VIGO

O fotógrafo Ricardo Grobas presenta o seu libro “Galicia, todo un mundo”



■ Desembocadura do Miño.


O fotógrafo Ricardo Grobas presentou na Casa da Triga de Ponteareas, o seu novo libro, “Galicia, todo un mundo”, no que retrata os máis singulares enclaves da nosa xeografía. Paisaxes imponentes e

monumentos arqueolóxicos e arquitectónicos sucédense ao longo de 240 páxinas de fotografías a toda cor, feitas dende o ar, o ar e dende terra.

Publicado pola editorial Belagua, cos textos en castelán, galego e

inglés, o libro constitúe unha apetecible invitación a descubrir Galicia, a través de dous percorridos diferentes, un pola Galicia aberta ao mar, e outro polas terras do interior.

As fotografías da costa destacan



pola forza que caracteriza outros traballos de Ricardo Grobas –o último dedicado ao Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia–, e que persegue coa súa natural obstinación e paixón polo mar, como son as que dedica ao mar embravecido e aos faros.

Grobas, que leva máis de vinte-cinco anos dedicado á fotografía, recrea no interior de Galicia “a asombrosa diversidade de paisaxes” –dixo o autor na presentación– dunha terra á que se sente “orgullosa de pertencer” e á que rende tributo con este libro.

Luz verde á Área Metropolitana de Vigo

Alcaldes e alcaidesas de vinte e tres concellos da provincia cinco signos políticos diferentes reuníronse na cidade olívica para darlle o visto e prace ao borrador da Lei de Área Metropolitana para sexa tramitado no Parlamento pola Xunta de Galicia. Vigo confirmou que se adhire ao transporte metropolitano autonómico, un dos

flocos pendentes do acordo, ratificando o convenio de forma inmediata para que, segundo o alcalde Abel Caballero, o texto poida ser aprobado no último pleno antes do verán. De cumprirse este prazo, a Lei entraría en vigor en agosto, en setembro constituiríanse os órganos de goberno e, en outubro, podería ampliarse a novos concellos.



Folga de fame ás portas do Concello de Vigo

Tres familias en risco de perder as súas vivendas por desafiuzamento concéntranse na Praza do Rei

Tres familias vigueses iniciaron unha folga de fame ás portas do Concello de Vigo ante o risco de perder as súas casas e para reclamar ao goberno local que adique inmobles a un parque social de vivendas. A tan só uns días de que o xulgado decida sobre os desafiuzamentos, unha das familias recibiu unha solución por parte da Xunta, pero as tres acordaron manter as protestas ata que todas elas teñan resposta das autoridades.

A Xunta de Galicia adxudicará unha vivenda a un dos vigueses que se atopa en risco de desafiuzamento e que iniciou unha folga de fame ás portas do concello xunto aos membros doutras dúas familias. Así o anunciou o Goberno galego, que asegura que estivo traballando nunha solución desde que tivo coñecemento da situación.

O Executivo autonómico concedeu-lles un bono de aluguer social e ofreceu inmobles baleiros fóra da cidade olívica, aínda que sempre dentro da súa área metropolitana, xa que a Xunta mantén que actualmente non dispón de pisos desocupados en Vigo. Os últimos cos que contaba, segundo argumenta, foron destinados a atender “necesidades urxentes”.

Concretamente, o afectado en cuestión aceptou un inmo- ble en Salvaterra de Miño que se axusta ás súas

necesidades, logo de habelo visitado xunto a persoal do servizo provincial de Vivenda, polo que lle será adxudicado oficialmente nos próximos días. Ademais, o Executivo galego asegura que seguirá traballando para intentar realoxar a esta persoa nun piso de Vigo.

As outras dúas persoas en folga de fame permanecen á espera de recibir unha alternativa por parte das administracións. Unha delas xa indicou con antelación que debido a “motivos persoais” non pode irse a vivir fóra da cidade olívica. Á espera do que decida o xulgado sobre o desafiuzamento das tres familias, decidiron manter a protesta.

Polémica no Concello

En torno a este caso, a portavoz do grupo municipal do PP, Elena Muñoz, afirmou que o concello posúe tres vivendas sociais que po-

dería “poñer hoxe mesmo” a disposición destas familias e acusou ao alcalde, Abel Caballero, de mentir ao alegar que o consistorio non posúe pisos para ofrecer aos afectados.

Segundo Muñoz, trátase de tres inmobles situados en Coruxo que foron cedidos polo Instituto Galego de Vivenda e Só (IGVS) en 2012 “e que o Concello mantivo baleiros durante todos estes anos”.

Porén, o portavoz do grupo municipal do PSOE vigués, Carlos López Font, aclarou que a “política social” do consistorio avoga por adicar esas vivendas, do mesmo xeito que moitos outros na cidade, para casos de violencia machista e que deben estar dispoñibles por si fose necesario utilízalas en caso de urxencia. En calquera caso, non confirmou que fosen utilizados nestes últimos catro anos.



Galicia

Redacción de A CORUÑA

Concurso de Fotografía Xurxo Lobato



Participación do alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, na entrega de premios do 12 concurso de fotografía Xurxo Lobato, que tivo lugar esta tarde no IES Monelos, e no que, entre outras personalidades, estivo acompañado polo concelleiro de Culturas, Deporte e Coñecemento, José Manuel Sande, ademais de polo propio Lobato. No acto, o alcalde destacou que “a fotografía non só é destacable porque non axuda a narrar a nosa historia, senón porque, co paso do tempo, converteuse

nunha disciplina excepcionalmente democratizada”. “Certames como o desta tarde, que conta co apoio do Concello da Coruña, axudan a que moitas e moitos estudantes que até o de agora viran a fotografía como unha mera afección ou un hobby poidan pensar en facer diso un oficio, en dedicarse profesionalmente a ela”, dixo Ferreiro, quen aproveitou para destacar o labor dos e das grandes fotógrafas que deu a cidade, entre elas, os e as fotoxornalistas dos medios de comunicación coruñeses.

O III Carballo Interplay ofrece tres días de contidos dixitais

Omes de maio chega ao Concello de Carballo co único festival de webseries de Galicia e o primeiro que se celebrou en toda España. O Pazo da Cultura acolle a terceira edición do Festival de contidos dixitais Carballo Interplay para abordar as posibilidades que ofrecer Internet á hora de xerar produtos audiovisuais, de ficción, de animación, documentais e calquera novo formato que atopa na rede o seu medio de difusión. No programa de actividades destaca a sección oficial on 36 propostas seleccionadas de entre 122 webseries de todo o mundo e este ano estea un novo premio para a dirección, patrocinado pola Asociación de

Directores e Realizadores de Galicia, xunto co premio de 1.500 euros ao mellor proxecto de webserie en galego. Ademais, o Carballo Interplay será o escenario da preestrea de Estirpe, filme que acaba de pasar polo Festival de Málaga, dirixido polo coruñés Adrián López e que se proxectará con entrada libre por primeira vez en Galicia. Relata a historia dun cómic de culto que xamais existiu con superheroes, nazis e militares na España do Franquismo. O festival organiza tamén actividades paralelas ao programa oficial como clases maxistras, mesas redondas e obradoiros para nenos. Toda a información está na web www.carballointerplay.com.



O alcalde e á conselleira de Medio Ambiente falan da canalización do río Pastoriza

Oalcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, reuniuse esta tarde coa conselleira de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, Beatriz Mato, nunha xuntanza “cordial” celebrada na delegación do Goberno autonómico na Coruña e na que tamén estivo presente a concelleira con competencias nesta área, María García. Segundo explicou o rexedor, o Goberno municipal tratou coa conselleira e o seu equipo “diversas cuestións relativas a auga e o saneamento” na cidade e na comarca, para as que solicitou “colaboración e financiamento do ente autonómico”. Ademais, Ferreiro presentou un ambicioso proxecto do Executivo local que pasa por

“acometer a rexeneración do Río Pastoriza”. O primeiro edil fixo fincapé en que “o resultado non só beneficiaría á Coruña, senón a toda a contorna”.

“Nestes momentos, o río está a verter directamente na rede de saneamento, provocando por tanto problemas de xestión na Edar de Bens”, explicou Ferreiro. “O que lle presentamos á conselleira é un proxecto de canalización dese fluvial ao Río Monelos que sirva, ao mesmo tempo, para rexenerar e para sacar o río á superficie nalgún dos seus tramos. Isto mellorará non só o valor medio ambiental e sostible da cidade, senón que tamén será punto de goce e disfrute para a veciñanza”, comentou ante a prensa.



Carballo aproba un plan económico que reducirá a cero a débeda coas entidades bancarias



ACorporación Municipal de Carballo vén de aprobar un plan económico e financeiro que regulará o gasto municipal e que saíu adiante cos votos a favor de tódolos concelleiros, a excepción dos populares. A medida está avalada polos servizos económicos municipais e vén marcada pola lei que impón un teito de gasto aos concellos. Dela realizarase un seguimento durante os anos 2016 e

2017 para controlar que a administración respecta a norma.

O plan permitirá investir tan só 1,8 millóns do remanente, dos cales 840.000 se reservarán para saldar por completo a débeda do Concello con entidades bancarias e aproximadamente 400.000 euros poderán destinarse, segundo estipula a Lei, á realización de actuacións sostibles que serán concretadas nas próximas semanas.

Redacción de SANTIAGO DE COMPOSTELA

Por: Rocío Pereira

O programa Verán CampUSC 2016 fomentará a igualdade de xénero

O Concello de Santiago, a través da Concellaría de Igualdade, colabora por primeira vez coa Fundación USC Deportiva e a Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social da USC co programa Verán CampUSC 2016, concibido como unha actividade deportiva, cultural, socioeducativa e de lecer, que permitirá a pais e nais traballadores da USC conciliar a vida laboral e familiar durante o verán.

Dende o 25 de abril está aberto o prazo de preinscrición para os solicitantes que queiran acollerse a este programa a través da web www.fundacionuscdeportiva.org onde se atopa toda a información sobre os prazos de reserva e matriculación. A concelleira de Igualdade, Marta Lois, destacou na presentación do programa a importancia da colaboración entre a Universidade e o Concello "cun claro obxectivo que é

promover a igualdade de xénero en Compostela". Para iso haberá tres eixos fundamentais como son "a conciliación da vida laboral e familiar a través dunha achega económica para a realización dun campamento de verán que dende hai anos vén organizando a USC; en segundo lugar, visibilizar as mulleres na ciencia combatendo os estereotipos de xénero e a segregación horizontal e, por último, o apoio dos estudos universitarios en materia de igualdade de xénero".

A colaboración do Concello de Santiago, que se plasma nunha achega económica permitirá ampliar de 360 a 500 as prazas ofertadas, das cales 150 estarán reservadas a nenos e nenas que non teñen vinculación coa USC. Ademais, amplíase o horario ata as 14:45 horas para dar resposta así ás dificultades de conciliación doutros anos. Deste xeito, o programa desenvolverase

entre as 08:45 e as 14:45 horas en 5 quendas, a razón de 100 prazas por cada unha: do 23 de xuño ao 1 de xullo, do 4 ao 15 de xullo, do 18 ao 22 de xullo, do 26 ao 29 de xullo e do 1 ao 9 de setembro. A convocatoria está aberta a pais e nais traballadores da USC e tamén a aquelas persoas que, malia non teren vinculación coa comunidade universitaria, precisen desta actividade de conciliación.

As persoas participantes recibirán instrución sobre diferentes xogos e deportes, atendendo as súas idades e desenvolvemento psíquico-físico, inculcándoseles a importancia da actividade físico-deportiva para a saúde e para aprender valores de disciplina, esforzo, perspectiva de xénero, dedicación e respecto ás normas que, sen dúbida, resultarán de utilidade para a vida cotiá. O programa está dirixido a nenos e nenas de entre 3 e 13 anos.



Cita en Santiago coa Arqueoloxía e as Ciencias da Antigüidade



A capital de Galicia acollerá no mes de xullo o segundo encontro, de carácter internacional, sobre este ámbito de estudo, que contará coa presenza de estudosos e novos investigadores que achegarán os seus resultados na publicación coa que culminará o evento.

A concelleira de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo, Marta Lois, presentou no Pazo de Raxoi o segundo Encontro Internacional de Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade, acompañada por Rebeca Cordeiro e Alia Vázquez, representantes da Asociación Cultural de Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (Arcian), entidade organizadora do Encontro. O evento desenvolverase entre o 20 e o 22 de xullo e reunirá en Santiago a novos investigadores na Facultade de Xeografía e Historia en varias sesións nas que se analizarán temáticas que abranguen dende a Prehistoria ata a Antigüidade Tardía.

Os participantes achegarán as súas contribucións investigadoras que ao remate do encontro serán compilados nunha publicación, polo que están

convidados a participar aqueles que cumpran os seguintes requisitos: debe ser alumnado que estea realizando estudos de mestrado relacionados coa temática do Encontro; estudantes en etapa de predoutoramento; doutores que non leran a súa tese con anterioridade ao 2013; e tamén terán cabida as propostas daqueles investigadores que cursaran unha licenciatura ou grao e un mestrado, pero que non estean inscritos nun programa de doutoramento ou pertencen a algunha institución académica.

Arcian é un proxecto sen ánimo de lucro, fundado en setembro de 2014, por un grupo de estudantes en etapa de predoutoramento da USC que, ante a necesidade de estimular a investigación nas especialidades de Arqueoloxía, Prehistoria e Historia Antiga e facilitar a acción dos novos investigadores, trata de fomentar o progreso destas disciplinas e dos especialistas noveis. A primeira convocatoria do encontro foi un éxito de asistentes con máis dun cento de participantes, moitos deles chegados do exterior.

Literatela: un obradoiro para aprender a escribir da man de Suso de Toro

O escritor impartirá en Santiago de Compostela un taller de creación literaria

Formación para a escrita a través da experiencia dunha das plumas de referencia da literatura galega: a de Suso de Toro. Dende o 26 de setembro e ata o 12 de decembro, ó longo de dez sesións de dúas horas cada unha, desenvólvese en Santiago o obradoiro Literatela (Literatura de Compostela) que aprenderá as técnicas e recursos narrativos ás persoas participantes, co obxectivo último de que se perda o medo a escribir.

O obradoiro nace da iniciativa da Escola de Escritoras e Escritores da Asociación de Escritoras/es en Lin-

gua Galega (AELG) e conta co patrocinio da Concellaría de Normalización Lingüística de Santiago de Compostela. As sesións celebraranse os días 26 de setembro; 3, 10, 17 e 24 de outubro; 7, 14, 21 e 28 de novembro e 12 de decembro. A presentación da actividade tivo lugar na Casa do Concello compostelán e enmárcase, segundo o alcalde Martiño Noriega, "nunha nova etapa de relación coa AELG co fin de aproveitar o seu potencial para dinamizar o idioma, a cultura e a literatura galega". Segundo as explicacións facilitadas pola organización, o obradoiro

vai estar centrado na ficción malia que tamén haberá un achegamento á poesía e mesmo a outras formas de creación como o teatro, o guiñón ou as cancións, de haber tempo para abordalas. Os contidos que impartirá ó alumnado Suso de Toro inclúen a formación do escritor, as técnicas narrativas, a delimitación do campo da poesía e da ficción narrativa, construción da autoría e redacción de textos son algúns dos contidos deste obradoiro. Para o escritor o taller, destinado a público adulto, vai servir para que os participantes "amasen as palabras e poidan transformar a



imaxinación en creación literaria". Vai desenvolverse no Centro Sociocultural da Trisca os sábados entre as 11:30 e as 13:30 e contará con colaboracións destacadas como a do escritor Pedro Feijóo que participará como convidado nunha das xornadas.

Para poder preinscribirse ó obradoiro é preciso enviar un correo electrónico ó enderezo dlg@santiagodecompostela.org. Debe facerse antes do 12 de agosto,

sinalando o nome completo, número de identidade e un teléfono de contacto. A admisión efectuarase por orde de chegada das solicitudes.

O período de matrícula esténdese do 7 ó 15 de setembro. As persoas que obteñan praza deberán recoller a folha de pagamento no Centro Sociocultural das Fontiñas (rúa de Berlín, 13) e volver entregala unha vez cumprimentada e aboada a taxa de 34 euros.

Galicia

Redacción de SANTIAGO DE COMPOSTELA

AUGA renova o acordo con ASISA ampliando servizos e mellorando condicións

Lisardo Domínguez, voceiro de AUGA, asinou este novo acordo co xerente de ASISA, José María Peino, para “reforzar e complementar as coberturas médicas dos nosos autónomos”



No acto celebrado na sede de ASISA en Santiago de Compostela, Lisardo Domínguez subliñou que “se ben AUGA e ASISA xa levan colaborando dende hai anos, a través da renovación deste convenio melloramos as condicións que tiñamos ata a data ata alcanzar a mellor oferta do mercado para o colectivo nestes momentos”.

Grazas a esta sinatura, os autónomos socios de AUGA poden contar “cunha ampla oferta de profesionais e centros sanitarios especializados, servizos de urxencia, medicina xeral, enfermería, medicina especializada e probas de diagnóstico coa

particularidade de que todos os servizos son extensivos a socios, empregados da propia organización e familiares directos, cónxuxes e fillos”.

Autónomos de Galicia, AUGA, segue desta maneira reforzando o conxunto de servizos que presta aos seus socios e tal e como rematou o seu portavoz, Lisardo Domínguez, “coa renovación deste acordo vense a cumprir un vello desexo da executiva de AUGA de dar cobertura e asistencia sanitaria complementaria á seguridade social sobre todo para que os autónomos vexan garantida a súa saúde nas mellores condicións e ca máxima urxencia posible”.

O Gremio de Hospedaxe dos Camiños de Santiago reclama o regulamento da oferta hostaleira

A asociación, composta por empresarios de distintas rutas xacobeas galegas, advirte que o intrusismo en forma de alugueiros clandestinos está a ser unha queixa recorrente entre os establecementos do Camiño polo que instan á Xunta de Galicia a que regule oferta no decreto de vivendas turísticas.

O Gremio de Hospedaxe de Compostela e Camiños de Santiago, entidade composta por empresarios de hostalería

en todas as súas modalidades das distintas rutas xacobeas de Galicia, advirten da necesidade de regular toda a oferta do Camiño de Santiago. Neste nicho do mercado turístico estanse a detectar numerosas queixas por intrusismo en forma de alugueiros non regulados.

A entidade considera especialmente preocupante a situación nos cascos históricos das cidades polas que pasa o Camiño onde a oferta está medrando sen control. Este é o caso de Santiago de Compostela, onde en marzo de 2015 había máis de 1.800 prazas en vivendas turísticas non reguladas, segundo os datos que manexa Exceltur. Trá-

tase dunha práctica, segundo afirman, moi prexudicial para o sector xa que incide na normal actividade dos establecementos legais. Ademais, o incremento desta oferta

está afectando ao prezo da vivenda, tanto en alugueiro como en venda, producindo a expulsión da poboación residente.

Así mesmo, nestes casos, os dereitos dos consumidores non están garantidos, ante a ausencia dun alugueiro regulado, xa que a vivenda carece de seguro de res-

ponsabilidade civil de maneira que as autoridades non teñen control sobre os hóspedes destes establecementos. Por todo isto, o Gremio de Hospedaxe considera que está ante un caso de competencia desleal no mercado que prexudica economicamente aos establecementos sometidos á normativa. Así, instan á Xunta de Galicia a que axilice a aprobación do decreto de vivendas de uso turístico para que haxa unha oferta regulada nos Camiños de Santiago na que se inclúan os requisitos fiscais e de seguridade, hixiene e saúde esixibles aos ofertantes do sector regulado.

Por: Rocío Pereira



Xosé Lois Foxo reedita “Os segredos da gaita”

Xosé Lois Foxo actualiza “Os segredos da gaita” coa publicación da sétima edición deste manual de referencia sobre o instrumento, nunha versión corrixida e ampliada promovida pola Escola Provincial de Gaitas da Deputación de Ourense, que ve a luz co apoio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. O gaiteiro e escritor presentou a obra nunha rolda de prensa na que o secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo, destacou o seu labor de investigación, así como o traballo desenvolvido na Escola de Gaitas. A presentación

da obra contou coa interpretación musical dos gaiteiros Marco Foxo e Noelia Díaz. A primeira edición da obra editouse en 1982 e desde entón “Os segredos da gaita” foi traducida ao alemán, ao inglés, ao francés, ao xaponés, ao chinés e ao castelán. Esta nova edición, que conta co apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística, realiza un percorrido pola historia da gaita, polos seus persoeiros fundamentais, por algunhas das pezas musicais máis sobranceiras, así como polas técnicas do instrumento, e inclúe materiais audiovisuais.



■ Presentación na sede do Consello da Cultura Galega.

Magna Rola para Doade e O Cebreiro



■ A Magna Rola quedou instalada na Praza de Doade.

Cornelius Maximianus Lucensium o día 7 de maio en Doade (Sober) para participar na colocación da Magna Rola, obra de Antonio Pereiras Penabad, a carón do restaurante aCantina. Un guindastre de

roda (magna rola, en latín) é un guindastre de madeira, de tracción humana. Foi utilizada principalmente durante a época dos romanos e na Idade Media na construción de castelos e catedrais. As cargas a miúdo pesadas eran elevadas mentres un individuo camiñaba dentro dunha roda de madeira tipo gaiola. A corda conectada a unha polea enrólase sobre un fuso pola rotación da roda permitindo así que o dispositivo ize ou baixe a plataforma coa carga para desprazar. O guindastre romano, denominado polispastos, cando era accionada por catro homes en ambos os lados do torno, podía levantar tres mil quilos. No caso de que o cabrestante fose substituído por unha roda de gaiola, a carga máxima duplicábase a seis toneladas, requirindo á vez só a metade da tripulación, xa que a roda de gaiola ao ter un

diámetro maior é mecánicamente máis eficiente (posúe un torque maior). Explica Antonio Penabad que as funcións da Magna Rola son: forxar (dar co mazo), izar (levantar), abatañar (bater), arrastrar e... dar que falar. Ese mesmo día 7 tamén se inaugura en Doade a "escultura literaria". Xosé Manuel Núñez Pérez é o autor do acróstico Sacrima e Antón Pereiras Penabad, escultor e autor da obra. Núñez Pérez describiu o significado do acróstico Sacrima (primicia que os romanos entregaban aos deuses en cada colleita). Pola noite instalouse no Cebreiro outra Magna Rola. Ademais do desfile das tropas, fíxose unha exhibición do funcionamento da Magna Rola nas dúas localidades. En Sober asistiu o alcalde, Luís Fernández Guitián e a delegada da Xunta en Lugo, Raquel Arias recibidos por Décimus Magnus.

A Praza de Sober dentro do Plan Hurbe

A Xunta investirá no Concello lucense de Sober preto de 280.000 euros -distribuídos en dúas anualidades- para remodelar a Praza do Concello e a súa contorna. Entre outros avances, os traballos suporán a reorganización do tráfico da zona, cun deseño máis moderno, coidado e sustentable, gañando es-



■ Praza do Concello de Sober na actualidade.

pazo para o uso peonil. Suporá, polo tanto, unha rexeneración da zona en infraestruturas, comunicación e actividade económica, xa que se buscará impulsar o crecemento comercial e favorecer a celebración de eventos públicos na praza, confluencia entre ambos, a través da creación dunha zona verde. O Plan HURBE 2010-2016 nace como resposta á necesidade da humanización das vilas de Galicia. Tendo en conta o modelo social de integración cidadá, busca o achegamento dos entramados urbanos aos seus habitantes mediante a adecuación e creación de espazos públicos para as necesidades vixentes. Segundo o Plan de investimentos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, o departamento destinará máis de seis millóns de euros, dos que máis de 3,5 millóns serán para novas actuacións, que permitirán realizar investimentos en arredor de 20 concellos. O orzamento investirase, principalmente, na humanización de rúas e á urbanización e mellora de espazos públicos.

Festa dos Avós en Sober



■ Un momento do xantar no pavillón de deportes.

O municipio de Sober celebrou a XVII Festa dos Avós no pavillón deportivo do colexio público Virxe do Carme. Ao redor de 350 persoas inscribíronse para participar na comida que constituíu a parte principal do festexo. Os participantes degustaron empanada,

polbo e carne asada, acompañados por dous produtos típicos da comarca: viños de Amandi e roscas de Millán. O programa de actos incluíu misa, actuación musical e sorteo dun cento de agasallos. Houbo ademais repartición de obsequios para os maiores de 90 anos que asistiron á festa.



Prato especial: Gratinella (Venia probábot)

Fin de semana completo en Vila Donatus

Tour turístico en tren Tschu-Tschu.

Visita Via Appia e Adegas Regina Vlarum.

Almorzo, xantar e cea en Restaurante a Cantina.

Noite en apartamento Vila Donatus.



aCantina desde 1947

Tlfs. 982 19 87 17 - 630 33 35 79. Doade 79. Sober Km. 12 estrada Monforte a Castro Caldelas.

Galicia

Redacción de LUGO

Comezou en Sober o programa Cultura no Camiño

O espectáculo de teatro infantil A xanela do Maxín, de Titeremuscontos, abriu na Casa da Cultura de Sober a programación da cuarta edición de Cultura no Camiño para a provincia de Lugo. Este ambicioso programa está promovido pola Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) e Turismo de Galicia e figura xa como consolidado que dende o seu comezo en 2013, practicamente triplicou o seu orzamento, as compañías participantes e as actuacións contratadas. A delegada territorial, Raquel Arias, presentou este proxecto que ao longo dos vindeiros cinco meses levará por 24 concellos da provincia 92 espectáculos de maxia, teatro, circo e música para todos os públicos. Arias subliñou que o obxectivo é incentivar a distribución de produtos culturais galegos nos

diferentes concellos vinculados ao Camiño de Santiago e facer chegar a cultura á cidadanía mediante actividades culturais. “O resultado é que se enriquece con representacións artísticas de calidade o patrimonio cultural e paisaxístico, de relevancia mundial, que supón o Camiño de Santiago”, afirmou. O programa conta cun investimento de preto de 545.000 euros, compartido pola Xunta de Galicia e os concellos inscritos, que asumen unha parte dos cachés artísticos. O ciclo percorrerá tódalas rutas xacobeas que discorren pola provincia. Así, polo Camiño do Norte participan: Barreiros, Begonte, Friol, Guitiriz, Lourenzán, Ribadeo, Trabada e Vilalba. No Camiño Francés: Monterroso, Palas de Rei, Paradelas, Portomarín e Sarria. Polo Camiño Primitivo: A Fonsagrada, Baleira, Castroverde, Guntín e Lugo. E polo Camiño de

Inverno: A Pobra de Brollón, Chantada, Monforte de Lemos, Quiroga, Ribas de Sil e Sober. Os artistas irán xirando por estes escenarios durante a primavera e o verán. A última das actuacións terá lugar en Vilalba o 23 de setembro e correrá a cargo da compañía Títeres Cascanueces, que porá en escena a obra de teatro infantil Barriga Verde contra o estragapandeiro. O programa ofrece unha destacada escolma da actual produción escénica e musical galega con nomes como De Vacas, Uxía, Xoán Curiel, Peter Punk, o Mago Rafa, The Covers Band, Circo Chosco, Dinamoteatro ou Caxoto Contacontos, por citar algúns dos 61 artistas ou compañías que actuarán nos municipios de Lugo. Serán 13 representacións de teatro, 27 de teatro infantil, 20 de música, 3 de música infantil, 21 de maxia e 8 de novo circo.



■ A delegada territorial, Raquel Arias, presentou a programación para Lugo.

A agricultura ecolóxica aumentou a facturación en 2015



■ Rolda de prensa na sede monfortina do Craega.

A agricultura e a gandería ecolóxica aumentaron en Galicia o seu volume de facturación en algo máis dun 7% durante o pasado ano, ata alcanzar a cifra de 33.334.000 euros, segundo datos aportados por José Antonio Fernández Álvarez, presidente do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (Craega). A conselleira do Medio Rural, Ángeles Vázquez, a directora xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, Belén do Campo; a delegada da Xunta, Raquel Arias e o alcalde de Monforte José Tomé Roca asistiron á presentación do balance 2015. Fernández Álvarez confirmou que, un ano máis, as cifras do Craega viñeron a constatar que o crecemento da agricultura e da gandería en Galicia non

deixou de mellorar desde o ano 1997. Ademais de incrementar a facturación, tamén aumentou nun 13,5% o número de operadores inscritos no rexistro do consello regulador -que contempla a industrias transformadoras, comercializadores e produtores gandeiros e agrícolas-, ata chegar aos oitocentos. Tamén se incrementou en máis dun 33% durante o pasado ano o número de hectáreas certificadas para a produción ecolóxica, de tal modo que actualmente a superficie acreditada polo Craega xa supera as 20.000 hectáreas. Lugo segue sendo a provincia con máis hectáreas certificadas para a produción ecolóxica, mentres que a produción de leite e derivados é a actividade con maior peso dentro das acreditadas polo Craega.

As compras en Monforte teñen premio

Presentouse en Monforte a campaña de dinamización comercial “As compras na túa vila teñen premio”, coa que se pretende recompensar a confianza dos clientes do comercio de proximidade na cidade. A campaña, que conta co apoio da Consellería de Economía, Emprego e Industria e está promovida pola Federación Galega de Comercio e o Centro Comercial Urbano (CCU) de Monforte, ten como principal obxectivo dinamizar o comercio tradicional da localidade e contribuír a promover os establecementos asociados ao CCU mediante a fidelización dos seus clientes. Raquel Arias, delegada da Xunta,

gabou “a unión dos comerciantes monfortinos á hora poñer en marcha a iniciativa” e trasladou o apoio da Xunta ao comercio tradicional, dado que “da súa actividade depende a dinamización económica e a xeración de riqueza nas vilas a cidades”. “A existencia de pequenos establecementos comerciais é determinante para a xeración e o mantemento de postos de traballo na nosa provincia, onde actualmente hai máis de 20.000 persoas empregadas no comercio de proximidade”, segundo dixo a delegada territorial. Tamén considerou a delegada que “o traballo desenvolvido polo CCU monfortino é un exemplo das

vantaxes que aporta a unión” e resaltou o esforzo feito polos comerciantes para “non só incrementar os seus beneficios, senón tamén para dinamizar a economía da cidade e da súa área de influencia”. Arias mostrouse satisfeita coa posta en marcha da oitava edición e animou a comerciantes a “continuar innovando e a aplicar novas fórmulas de xestión, sen esquecer o principal valor do comercio de proximidade, que é o trato personalizado e o contacto humano co cliente”. A iniciativa remata o 6 de maio e repartirá vales regalo entre os clientes dos establecementos participantes por un importe global de 4.000 euros.



■ Intervención do alcalde José Tomé.

Redacción de LUGO

Belesar celebra a XI Festa do viño e das cereixas



■ Un dos postos de venda de cereixas de Líncora.

Os días 21 e 22 de maio celebrábase en Belesar a XI edición da Feira do viño e das cereixas organizada pola asociación Papeiros (de Chantada) e Rabudos (de O Saviñao). O sábado ás 10 de mañá os produtores de cereixa e de viño abrirán os respectivos postos de venda. A unha da tarde inaugurarase a feira e o escritor e xornalista Antón Grande ofrecerá o pregón. Logo entregaranse as distincións de “cofrades maiores do bó viño de Belesar e Líncora”. A orquestra Merithel animará toda a xornada. O domingo 22 reabriranse os postos de produtos e grupos musicais, garrafón e Rambalúa, animarán a mañá. Ás cinco da tarde celebrábase o certame de aturuxos a cargo de Papeiros e Rabudos. A orquestra Bambalús animará a festa. Durante os

dous días haberá festa campestre á beira esquerda do río Miño para degustar polbo e carne en distintas elaboracións. Participarán as adegas Terras Bendaña, Condado de Sequeiras, Adegas Fontao e Adegas do Fortes que venderá a copa de viño a 1,5º euros e a 6 a botella. Pola súa banda os 12 produtores de cereixas de Santiago de Arriba, Cartemil, A Sariña, Belesar e San Pedro de Líncora, pagarán á organización 10 euros por día e venderán o quilo de cereixa a 5 euros. Na pasada edición foron máis de tres toneladas de cereixas as que se venderon na festa na que participaron vinte produtores. Haberá postos de artesanía, chacinera e queixos. Tamén se pode disfrutar de viaxes en catamarán, de rutas de sendeirismo e de románico.

Pantón organiza a XXIII Mostra dos Viños

Xosé Luís Álvarez, alcalde de Pantón, presentou o programa da XXIII Mostra dos Viños da Ribeira Sacra de Pantón xunto coa tenente de alcalde Tamara López e o concelleiro Roberto Eireos. O acto celebrouse na adegas Casa Moreiras (fundada en 1691) na localidade de Siós e o alcalde sinalou que o festexo se celebrará este ano nunhas datas máis madrugadoras -antes era a principios de xuño- a petición dos dez adegueiros participantes. Tamén se celebrará a primeira edición da Festa da Empañada no recinto do Castro de Ferreira e o primeiro festival Pantón Rock, organizado en colaboración coa asociación Esperelo, no que actuarán o grupo ourensán Los Suaves, Gin Tonis e as bandas cántabras La Fuga e ADN. O festexo non coincidirá coas Xornadas da Rota do Románico de Pantón, que comezarán a finais de maio. A Mostra será animada polas charangas Madialeva e Mekanika. O sábado 14 de maio ás 13 horas a feira será inaugurada polo monfortino Francisco Conde, conselleiro de Economía e Industria. Logo iniciárase a Festa da Empañada e ás seis da tarde un grupo de enólogos

farán unha cata de viños. Ás 20.30 horas, baile animado pola orquestra Gran Casino e media hora despois comezará o festival Pantón Rock. O domingo 15 de maio ás 12 horas será a recepción de autoridades na Casa do Concello e logo o pregón no campo da festa ás 13 horas a cargo da atleta monfortina Saleta Fernández, cuxo pai é natural de Pantón. Ás 18 horas concerto da banda de gaitas O Castro e ás 20 horas baile popular coa orquestra Los Players.



■ O alcalde presentou a programación da mostra vinícola.

Monforte homenaxe ao Pai Estéban

Coa actuación maxistral da Coral do C.A. Sportivo de Ponteareas



Os restos mortais do Pai Esteban Martínez descansan xa en Monforte, onde pasou máis de 60 anos da súa vida. Coincidindo coa chegada das súas cinzas á cidade do Cabe, os seus ex alumnos, familiares e o Concello renderonlle unha

homenaxe. O bispo de Lugo oficiou unha misa nos Escolapios na súa memoria coa participación da coral Centro Artístico Sportivo de Ponteareas. Despois presentouse un libro con semblanzas escritas por quenos tiveron o privilexio de coñecelo.



■ Inauguración dun busto do Pai Esteban.

Coro Berea presentouse en sociedade

En Sober acaba de formarse unha nova agrupación musical denominada Coro Berea integrada por alumnos das clases de canto que se imparten todos os xoves na Escola Municipal de Música. A formación está integrada por persoas adultas e presentouse en socie-

dade nun festival de música que se celebrou no auditorio da Casa de Cultura, baixo o título de “Sober canta”. No acto participaron o coro infantil e os alumnos das clases de música e movemento. O Coro Berea toma o seu nome da antiga denominación da actual capital municipal.



■ Integrantes do Coro Berea de Sober.

Galicia

Redacción de LUGO

Critican o abandono da alta velocidade na provincia

A deputada luguesa do PSdeG-PSOE Margarita Pérez Herraiz, e o senador lucense, Ricardo Varela, mantiveron unha xuntanza con membros da plataforma "Lugo non perdas o tren". Nela puxeron de manifesto a súa preocupación polo abandono da alta velocidade na provincia de Lugo. Presentáronlle a esta Plataforma as diferentes iniciativas presentadas, tanto no Congreso como no Senado, para reclamar mellores comunica-

cións na provincia. Herraiz e Varela cualifican de moi "positivo que as diferentes asociacións e plataformas se interesen e reivindiquen o que levamos denunciando e reclamando dende o Partido Socialista dende hai anos, diante de tódalas administracións pertinentes". Os socialistas denunciaron xa no seu día que o Ministerio paralizou a estación intermodal, sinalan que ten o proxecto realizado, "pero hai que licitala", insisten.



■ Reunión do PSdeG coa plataforma en defensa do tren.

Contactos para mellorar a política social en Pantón

O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, continua coa súa quenda de encontros cos representantes locais dos municipios galegos cunha nova xuntanza de traballo co alcalde de Pantón (Lugo), José Luis Álvarez. Os mandatarios galegos abordaron os temas de índole social do concello lucense e afondaron na cooperación entre ambas institucións co obxectivo de incrementar os contactos para mellorar a atención aos cidadáns. Alcalde e conselleiro estudaron medidas para mellorar os servizos orientados á terceira idade, xuventude, infancia e dependencia. Así mesmo, repasaron as

accións que a Xunta de Galicia leva a cabo na localidade, nomeadamente o incremento de 206 horas no Servizo de Axuda no Fogar á Dependencia, o que supón un total de 1.453 horas das que se benefician 34 veciños e veciñas. Con este incremento, a ratio de atención sitúase no 90,36%. Pantón conta cunha escola infantil con 20 prazas públicas adscritas ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. Esta oferta supón unha ratio de cobertura de prazas públicas en escolas infantís de máis do 95%. O Consorcio tamén xestiona as 40 prazas do centro de día ubicado no municipio.



■ A reunión celebrouse no despacho do conselleiro en San Caetano.


Unha tonelada de carne en Castro de Carballo



■ Comensais na carpa na que se serviron as viandas.

Castro de Carballo (Lugo) celebrou a XVI edición da súa festa anual de carne ó caldeiro. A asociación O Bubaíño, colectivo veciñal organizador, preparou máis de mil quilos de carne. Presentouse ós comensais cocida con pemento e aceite, a receita máis típica da zona, e richada, é dicir, cortada en anacos pequenos e fritida. Os cociñeiros acenderon o lume temperán e durante toda a mañá prepararon as viandas para servir, a iso das dúas da tarde, as primeiras racións aos asistentes que xa formaban unha importante ringleira. A metade das persoas que participaron na festa optaron por comer na carpa que instalou a propia organización e acompañaron a carne con outros pratos como empanada, queixo de diferentes variedades e torta. Ademais de viño e café. Outros mercaron a carne para degustala na casa. Asunción Gómez Neira, presidenta do colectivo ve-

cinal co que colaborou o Sindicato Labrego Galego, sinala que "o vento soprou tan forte pola mañá que fixo temer que as carpas das comidas saísen voando. Pero finalmente non pasou e a festa aguantou o tipo. Agora si que podemos dicir que está consolidada", manifestou a presidenta do Bubaíño e concelleira do BNG. O festexo comezou cun pasarrúas dos grupos Os Rechouchíos, de Taboada, e Amigos da Pandeireta, de Monforte. Media hora despois, o escritor monfortino Lois Diéguez pronunciou o pregón. Logo do xantar houbo una actuación musical e un espectáculo do mago Dani. Ás seis e media empezou unha festa infantil con xogos tradicionais e malabares, organizada pola asociación Velaísca. Ao longo do día estiveron abertos postos de venda de diversos produtos tradicionais, entre eles derivados de porco celta, marmeladas e licores artesanais.



Previsel confirma as vantaxes da prevención



■ Quedou patente a necesidade de incluír a prevención como materia no sistema educativo.

Previsel celebrou en Expourense a súa 11ª edición que ofreceu 40 actividades que despertaron o interese das preto de 2.000 visitas. É a única cita en Galicia que aborda a seguridade laboral e que consegue a implicación de todos os axentes sociais relacionados coa prevención, serviu un ano máis para confirmar que a formación e o investimento neste eido contribúen ó incremento da produtividade, competitividade e sustentabilidade das em-

presas supoñendo ademais unha diminución dos custos sociais e sanitarios. Baixo o lema da creación de "Empresas Saudables" e co obxectivo de fomentar a cultura preventiva, Previsel foi o lugar elixido para ampliar a súa formación en prevención orientada a colectivos específicos como foi o caso dos traballadores do sector dos froitos secos e oleaxinosas que participaron no seminario organizado polo ISSGA ou o obradoiro de traballos en altura no que par-

ticiparon que despois impartirán obradoiros a traballadores sobre este tema. Ademais da presenza de profesionais, Previsel contou coa participación activa de profesores e alumnos de centros de Formación Profesional de toda Galicia. Outra das actividades que contou cun importante seguimento profesional foi a xornada informativa sobre "Mindfulness + Coaching" na que participaron preto dun cento de traballadores en activo convocados pola Confederación Empresarial de Ourense (CEO). Esta xornada explicou dous conceptos fundamentais no mundo laboral do século XXI. Por un lado, o mindfulness ou atención plena, que fai referencia a ensinarlle ao cerebro a centrarse nunha soa actividade en cada momento para aumentar así o rendemento laboral e tamén a satisfacción profesional e persoal de cada traballador. Polo outro, falou do termo coaching (adestramento) como elemento facilitador de procesos de mindfulness.

Unión de esforzos

Tamén destacou entre as actividades a mesa redonda que analizou a eficacia en auto protección, emerxencias e seguridade laboral na que participaron representantes da Consellería de Economía, Emprego e Industria, e dos colexios oficiais de arquitectos, aparelladores, enxeñeiros técnicos

agrícolas, enxeñeiros técnicos industriais e de Tesgalicia. Todos eles incidiron na necesidade de incluír a prevención como materia no sistema educativo actual co obxectivo de concienciar sobre a seguridade laboral dende a infancia. Previsel é posible grazas á unión de esforzos da administración, patronal, sindicatos, colexios profesionais e voluntariado. Así quedou patente no acto de entrega de placas de agradecemento á trintena de entidades colaboradoras que mostraron unha edición máis o seu compromiso elixindo Previsel como aula para impartir formación en prevención especializada e dirixida a determinados colectivos profesionais. Este acto estivo presidido pola delegada territorial da Xunta de Galicia, Marisol Díaz Mouteira, quen agradeceu a participación de todos para conseguir "que a prevención sexa unha prioridade empresarial e que a formación neste eido sexa a mellor ferramenta para combater a sinistralidade laboral". Previsel foi unha cita organizada por Expourense que contou co apoio do IGape e da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior. A próxima cita en Expourense será entre o 20 e 22 de maio coa celebración do 1º Car Outlet Ourense organizado en colaboración coa Asociación de Concessionarios da provincia de Ourense, A.C.A.U.T.O.

Por Silvia Pardo

GALIsenior

Ourense, 25 e 26 de maio de 2016

AVANCE XORNADAS
TÉCNICAS PROFESIONAIS

Mercores, 25 de maio

- 09:45 **Apertura das Xornadas.**
- 10:00 **Mesa redonda. Prevención de Situacións de Fragilidade en Persoas que Viven Soas e Teleasistencia Avanzada.** Intervención: Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, Colexio de Traballadores Sociais, Cruz Vermella.
- 11:15 **Nutrición e prevención da diabetes. Apoio técnico.**
- 12:00 **Inauguración oficial de GalIsenior.**
- 12:30 **Mesa Redonda. Investigación en Xerontoloxía: I+D+i en Fragilidade.** Modera e Presenta: Ana Masada Rodríguez. Profesora Contratada Doutora da Universidade de A Coruña. Responsable de I+D+i do Grupo de Investigación en Xerontoloxía.
 - Prevención Fragilidade Mediante Adestramento Físico Multicomponente e Intervención Nutricional. Imparte: Laura Lorenzo López. Doutora en Psicoloxía.
 - Fragilidade: Definicións e Controversias. Imparte: Rocío López López. Enfermeira. Máster en Xerontoloxía Clínica.
 - Calidade de Vida e Fragilidade. Imparte: Clara Diego Díez. Traballadora Social. Máster en Xerontoloxía Clínica.
- 16:00 **COMUNICACIÓNS E ESTUDOS DE CASO (20").**
 - O Coidador Informal e a Calidade do Servizo. Causas Diferentes para Diferentes Persoas. Presentan: Prof. Dra. Ana Branco e Prof. Dra. Sandra Antunes. Escola Superior de Tecnoloxía e Gestao de Lamego (Portugal).
 - Actividades Socioeducativas Asistidas con Animais. Unha Experiencia nun Centro de Maiores. Presentan: Alba María Ques. Cst. María Esther Pérez Enriquez e Ana Conde Álvarez. Fogar Residencial San Amaro.
 - Implementación de UCC nas Fundacións. Estudo do Caso "Fundación Eliseo Ferreira Alonso". Presentan: Prof. Dra. Paula Santos, Prof. Dra. Ana Braca e Juan Oliveira. Escola Superior de Tecnoloxía e Gestao de Lamego (Portugal).

16:40 Pausa.

- Ética e Deontoloxía nos Coidados Palativos: O Caso das persoas Ancás. Presentan: Prof. Dra. Anabela Guedes, Prof. Dra. Nidia Menezes e Alexandra Henrique. Escola Superior de Tecnoloxía e Gestao de Lamego (Portugal).
- A Invisibilidade do Luto nas Sociedades Contemporáneas. As Asociacións do Apoio o Luto. Presenta: Dr. Pedro Duarte. Escola Superior de Tecnoloxía e Gestao de Lamego (Portugal).
- 18:30 **Presentación Programa de Maiores da Universidade de Vigo no Campus de Ourense.** Intervención: María Teresa Díaz Álvarez, Xefa da Secretaría do Programa Universitario de Maiores no Campus de Ourense. / Alberto Vaquero, Coordinador Programa Universitario de Maiores do Campus de Ourense.

Xoves, 26 de maio

- 10:00 **Programas de envellecemento activo.**
 - Melhora da Calidade de Vida dos Maiores. "Circuitos Saudables". Imparte: Prof. Mayán Santos. Catedrático de Enfermería Xeriatrica e Xerontoloxía da USC. Director do Instituto Xerontolóxico Galego.
 - Fragilidade no Entorno Institucional: Programa de Intervención de Terapia Ocupacional. Imparte: CASER Residencial.
 - Intervención socioeducativa en persoas con demencia. Imparte: Colexio de Educadores e Educadoras Sociais de Galicia.
 - Envellecemento activo. Imparte: Fátima Torre. Universidade Sonar de Chaves (Portugal).
- 12:00 **Pausa.**
- 12:15 **Promoción da autonomía baseada nas Novas Tecnoloxías.** Participan: Manuel Canday Crepo, Coordinador Máster en Xerontoloxía. Director Cátedra Cruz Vermella. Universidade de Santiago de Compostela. / Patricia Álvarez Iglesias, Profesora de Novas Tecnoloxías. ATEGAL Ourense.

ORGANIZA:



PROXECTO FINANCIADO:



Máis información en www.galisenior.es
ou no Tfno: 988 36 60 30.

Galicia

Redacción de OURENSE

A Casa das Rodas, de Arboiro a Ourense

A “Casa das Rodas” da localidade de Arboiro (San Xoán de Río), do escultor Florencio Martínez Vázquez, foi visitada polo presidente da Deputación, Manuel Baltar, acompañado polo historiador e director da UNED, Jesús de Juana. Nesta “Casa das Rodas” hai pezas singulares e de considerable valor etnográfico sobre os oficios populares de Galicia, así como a que se considera que é a colección máis importante de rodas de afiar. O presidente do organismo provincial indicou que esta “Casa das Rodas”

será “o berce do futuro Museo da Roda de Afiar que a Deputación porá en marcha en 2017, tal e como figura non Plan Ourense 15-19”. Baltar Blanco volveu destacar a importancia que os afiadores tiveron na provincia ourensá, e recalcou que “eran auténticos emprendedores, xuntando a creatividade, o traballo e o carácter emigrante que definen a alma dos ourensáns e da nosa terra”. Jesús de Juana valorou o traballo de investigación e recuperación realizado por Florencio de Arboiro ao longo da súa vida.



■ Jesús de Juana, Manuel Baltar e Florencio de Arboiro.

Impulso ó cultivo da castaña na Gudiña

A Consellería do Medio Rural colaborará co Concello da Gudiña no fomento do cultivo, comercialización, transformación e investigación relacionada coa produción de castaña neste municipio do oriente ourensán. Así llo confirmou a titular deste departamento, Ángeles Vázquez, ao alcalde desta localidade, José María Lago, nunha xuntanza de traballo celebrada en Santiago. Neste encontro o rexedor municipal e a conselleira analizaron diversas iniciativas relacionadas coa posta en valor e promoción deste produto, con vis-

tas a incentivar a súa transformación e a plantación ordenada de castiñeiros. Tamén acordaron colaborar para potenciar a investigación nesta materia e en especial a súa aplicación práctica para mellorar a comercialización deste produto, así como en materia xenética, entre outros posibles campos de traballo. Outros asuntos abordados neste encontro estiveron relacionados coa potenciación do sector forestal, a prevención e loita contra os incendios nos montes e a mellora das infraestruturas de comunicación no termo municipal.



■ Ángeles Vázquez e José María Lago na xuntanza de traballo en Santiago.

Bombeiros de Galicia manifestáronse en contra da privatización dos parques



■ Os manifestantes pola avenida da Habana, en Ourense.

Máis de cincocentos bombeiros de toda Galicia mobilizáronse o luns 18 de abril en Ourense capital para protestar pola privatización dos parques comarcais e reclamaron un modelo de xestión directa do servizo contraincendios e que as Administracións asuman o servizo de forma pública. Co lema “Rescátanos”, o colectivo convocado pola mesa intersindical de bombeiros e apoiado pola coordinadora unitaria e a plataforma de Bombeiros de Galicia, que aglutina aos parques públicos da Comunidade, celebrou unha gran manifestación. Participaron efectivos dos principais parques da área da Coruña e das provincias de Pontevedra, Lugo e Ourense. Concentráronse no parque de Bombeiros de Ourense centos de bombeiros e representantes das principais centrais sindicais e percorreron as rúas da cidade ata a Praza Maior de Ourense, onde se atopa o consistorio e continuaron a súa mobilización ata a Deputación e á sede da delegación de Presidencia da Xunta arroxando petardos e acendendo bengalas de fume. O portavoz da mesa intersindical, José Luís Parella, denunciou a intención do consorcio provincial de Ourense, que aínda non se pronunciou a favor de abandonar o actual modelo de xestión, de continuar coa xestión privada dos parques con “diñeiro público, con vehículos públicos e con material comprado pola Administración”. Sostén que a volta do servizo á xestión pública supoñería un aforro do 30 por cento no seu custo. Nun momento como o actual “no que se está expondo desde as deputacións de esquerdas a posibilidade de rescatar o servizo” e no que “aparentemente” a Xunta vai estudar se é viable a recuperación do servizo, considera que a actual postura do consorcio de situarse “clara e rotundamente” na idea da xestión privada “complica esta situación”. Nesta liña, o portavoz da plataforma pública de Bom-

beiros de Galicia, Miguel Uclés, favorable á unificación do servizo, aclarou que “non pode haber diferenzas de xestión e moito menos baseadas en valores económicos” entre os parques de Bombeiros da comunidade. Sostén que a privatización do servizo “pon en dúbida” a efectividade na prestación do mesmo para os cidadáns, polo que defendeu “un único modelo de xestión pública” (situación que trasladaron ao presidente da Deputación, Manuel Baltar). “Nin a nivel económico nin de garantías sociais ten sentido”, abundou este profesional, quen cuestiona o cambio de xestión. O responsable da coordinadora estatal e bombeiro en Palencia, David Ferreiro, asegurou que “o que se está vendo en Ourense é unha atrocidade”, referíndose ao feito de que a provincia estea a prestar un servizo “indirectamente aínda que digan que é directo”. Engadiu que “non se pode permitir que o servizo de xestión sexa privado, unha situación que fixo extensible a outras comunidades, que teñen un problema parecido”. Na actualidade, Galicia ten 31 parques comarcais e preto da metade xestionáanse de forma indirecta, situación que afectaría a preto de 1.000 profesionais. A mesa intersindical denuncia a falta de efectivos en toda a provincia co actual modelo de xestión do servizo financiado pola Xunta e a Deputación de Ourense. Na cidade de Ourense, o servizo contra incendios ten uns servizos mínimos previstos de 11 efectivos, cifra que, en moitas ocasións non se cumpre, chegando a ter 8. A mesa intersindical sinala que noutros 28 concellos xestionados por empresas privadas, en caso de accidente ou incendio, o servizo, conformado por unha dotación de tres bombeiros, é “claramente deficitario”, engadindo a “distribución irregular” dos recursos. Ademais, reclama a posta en funcionamento dun “Estatuto de bombeiro” que regule a súa situación.

Redacción de OURENSE

Axudas para rehabilitar vivendas en Castro Caldelas

O Concello de Castro Caldelas abriu o prazo de solicitude de axudas para a rehabilitación de vivendas na zona vella da vila. A medida, que conta cun orzamento total de 129.830 euros, está sufragada polo Concello, a Xunta de Galicia e o Goberno central. Búscase con este proxecto mellorar a situación das edificacións da contorna do castelo, o punto turístico máis atractivo da localidade, que está totalmente restaurado. “Con este programa téntase estimular a rehabilitación integral dos ámbitos territoriais delimitados tanto na súa dimensión física como non da súa necesaria revitalización social, económica e cultural”, explican as bases da convocatoria. Poden acceder a estas axudas edificios e vivendas, sempre

que despois sexan empregados para uso residencial unha vez rematada a rehabilitación. Cada obra recibirá unha axuda correspondente ao 35% do custo total, sempre cun máximo de 11.000 euros. “O Concello de Castro Caldelas aposta pola rehabilitación do centro histórico” di a rexedora, Sara Inés Vega Núñez. O prazo de presentación de solicitudes está aberto ata o próximo día 2 de xuño. As obras deberán estar rematadas, como moi tarde, o 30 de novembro. Poden levar a cabo obras de conservación ou adecuación estrutural e de seguridade dos edificios; de mellora da calidade e a sustentabilidade; de adecuación da accesibilidade de vivenda e os accesos; e doutras que impliquen adaptar os inmobles ás novas normativas.



■ O Concello aposta pola rehabilitación do centro histórico.

Celebracións na Ínsua dos Poetas

O secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, participou na Ínsua dos Poetas, na Esgueva, Marnán, (O Carballiño) no acto co que a fundación que leva o seu nome conmemorou o Día da Auga, da Árbore e da Poesía 2016 en colaboración coa Consellería de Cultura e Deputación. A experiencia congregou por sétimo ano consecutivo máis de 400 escolares chegados de centros de ensino da comarca do Carballiño e, por primeira vez, tamén doutros centros convidados doutras provincias, nesta ocasión de Ribeira (A Coruña). Todos eles contribuíron á celebración

da efeméride promovida pola UNESCO cada 21 de marzo con diversas actividades que incluíron un sentido recital poético e a plantación de preto de 300 exemplares de árbores autóctonas, en sinal do agromar da vida e da palabra e do respecto pola lingua, polo medio natural e pola ecoloxía, tamén lingüística. Participaron no acto o presidente da Fundación Ínsua dos Poetas e do PEN Galicia, Luís González Tosar; o alcalde do Carballiño, Francisco Fumega; o vicepresidente da Deputación, Rosendo Fernández e o deputado de Cultura Manuel Doval.



■ Participantes no Día da Auga, da Árbore e da Poesía.

Mostra sobre Manuel Rodríguez en Celanova

O secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, asistiu á inauguración da mostra Manuel Rodríguez López, que reflicte a vida e a obra deste destacado poeta obreiro nado en Paradela (Lugo). A proposta encádrase no proxecto Manuel Rodríguez López, que apoia a Secretaría Xeral de Política Lingüística, co obxectivo de impulsar as creacións e maila figura deste autor.



■ O acto tivo lugar na Casa dos Poetas de Celanova.

Ciclo de concertos didácticos en Celanova

No coro alto da igrexa do mosteiro de San Rosendo de Celanova celebrárase a VII edición do ciclo de concertos didácticos de órgano que ofrecerá 30 concertos en dez xornadas nas que participarán 1.100 alumnos de colexios, institutos e conservatorios de distintos lugares de Galicia. O ciclo está impartido pola profesora de órgano do Conservatorio de Música de Ourense, Marisol Mendive. Nesta sétima edición, ata o próximo día 8 de xuño participarán un total de 27 centros escolares de toda Galicia. O calendario será o de tres sesións de concertos en horario de mañá (11,00; 12,00 e 13,00) tódolos mércores, ata o próximo día 8 de xuño. Os participantes poderán interpretar cos seus instrumentos (fautas e outros) de forma conxunta tres pezas musicais na compañía do órgano. Estas pezas teñen sido preparadas previamente nos seus centros escolares cos profesores de música. Ademais, terán a oportunidade de coñecer

os principais referentes históricos e monumentais de Celanova participando na visita guiada “Celanova, un paseo pola historia de Galicia”.



■ Órgano da igrexa do mosteiro de San Rosendo.

Obras no carreiro do río Mao



■ Francisco Marín e Yolanda Jácome asinando o convenio.

O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, a través da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), asinou o convenio de colaboración co Concello de Parada de Sil para a entrega das obras do carreiro no río Mao executadas no ano 2010 e financiadas a través do Plan E. O convenio, que foi rubricado polo presidente da CHMS, Francisco Marín Muñoz, e pola alcaldesa de Parada de Sil, Yolanda Jácome, define as actuacións de reparación necesarias. O importe ascende a 10.500 euros e será su-

fragado na súa totalidade polo organismo de Conca. Os traballos consisten na reparación dos danos que se foron producindo ao longo do tempo na estrutura de madeira que constitúe un dos tramos de senda executados. Unha vez finalizadas e recibidas estas obras pola CHMS, comunicárase ao Concello de Parada de Sil tal circunstancia, achegando unha copia do acta de recepción e serán entregadas, nese momento, para o seu uso público, mantemento e conservación por parte do Concello.

Galicia

Redacción de OURENSE

Xornadas dos oficios do coiro en Allariz

Artesáns de Galicia, Castela León, Castela A Mancha, Asturias, Córdoba, Madrid, Aragón, Euskadi e Colombia participarán en Allariz do 4 ao 8 de maio nas "Xornadas dos oficios do coiro" que se celebran no museo local. O programa iniciouse o 22 de abril coa apertura da exposición "Do Paramento ao Guadamecil", do cordobés Juan García Olmedo, na sala A Paneira. A partir do día 28, a oferta ampliouse coa colección de "Caperuzas de cetrería", de José Luis Fernández Teijeiro, no Museo do Coiro. Na sala A Fábrica, e do 4 ao 7 de maio, ha-

Sánchez e Campomar "por preservar a nosa identidade e que este oficio, que forma parte da nosa historia, siga vivo". "Queremos que estas xornadas sexan un referente nos labores de transformación do coiro en obxectivos", dixo Miriam Campomar. A incorporación de actividades e espectáculos que fagan máis dinámica e atractiva visita aos museos é o reto que se marcou o Concello de Allariz para este ano 2016. Unha proposta que arrincou no Museo da Moda co taller infantil de creación de marionetas con calzetíns. "É a primeira actividade, pero



■ Do 4 ao 8 de maio celebráranse as xornadas sobre o coiro.

berá obradoiros, modelado en húmido e elaboración de caperuzas para o seu uso da cetrería. No Museo do Coiro, os días 7 e 8 de maio haberá mercado de pezas, ferramentas e produtos así como montaxe dun mural colectivo. Tamén haberá obradoiro participativo para nenos. Organiza o Museo do Coiro, coa colaboración do Concello de Allariz. O alcalde, Francisco García, e Alberto Conde, concelleiro de Museos presentaron a programación con responsables dos museos do paseo de Pontovello Ernesto Sánchez e Miriam Campomar. Segundo o alcalde Francisco García, as xornadas pretenden ser "unha referencia para os profesionais, artesáns, cos artistas do coiro que van máis aló de creacións para a vida cotiá e son quen de facer verdadeiras pezas de arte", dixo, para acto seguido agradecer o labor de

imos a seguir nesa liña con máis actividades e tamén noutros museos, como non Xoguete onde próximamente organizaremos unha sesión de contacontos. Sempre con cautela, porque nos museos hai pezas que requiren certa preservación", anunciaba Alberto Conde, edil encargado da xestión dos museos allaricenses, que festexou o Día do Libro obsequiando cun exemplar a todas aquelas persoas que adquiriron un bono ou entrada para visitar calquera dos museos municipais. Outra das novidades nas que xa están a traballar os responsables municipais é na creación da sección da peza do mes para expoñer artigos "que por problemas de espazo non poden formar parte da exposición permanente, pero que merece a pena ensinala aos visitantes", dixo Conde.

VII Festival Internacional de Xardíns de Allariz



■ O alcalde, Francisco García, visitou en abril o recinto dos dez xardíns.

O 13 de maio terá lugar a apertura da VII edición do Festival Internacional de Xardíns de Allariz, que este ano ten por tema central "Os xardíns do Futuro". Os técnicos municipais traballan para instalar os 10 xardíns finalistas do concurso internacional que compiten polos votos dos miles de visitantes que, dende maio a outubro, pasan polo recinto e elixen ao gañador. Este festival, cun formato que o fai único en toda España e o sitúa entre os grandes festivais internacionais, constitúe non só un encontro ineludible no eido do paisaxismo, senón unha grande aposta de desenvolvemento social e económico da localidade. Neste sentido, cobra especial sentido o tema central da edición 2016, xardíns do futuro, en palabras de Francisco Caldeira Cabral, recoñecido paisaxista portugués e director do xurado, "cuestións como a importancia das zonas verdes no medio urbano e o crecemento das mega cidades cos seus problemas ambientais e de sustentabilidade". As propostas elixidas, que mostrarán todo o seu esplendor a partir do 13 de maio, expresan

e aventuran estas inquedanzas sobre o futuro das cidades e o papel clave que xogarán as zonas verdes urbanas. O Festival constitúe un agasallo para os sentidos, cun crecente nivel nas propostas que compiten, cada ano, polos preto de 40.000 visitantes que, de media, pasan polo recinto. Este ano chegaron tamén ideas de todos os rincóns do mundo, como Colombia, Brasil, Italia, Países Baixos e Austria e tamén concursaron paisaxistas galegos e españois. De todas as propostas seleccionáronse 10 finalistas, o pasado decembro. Os técnicos municipais son os encargados de executar a instalación dos dez xardíns efémeros e están a traballar para que estean listos para a inauguración. Durante seis meses lucirán mentres permanece aberto o festival, de maio a outubro. Xunto aos xardíns que compiten exhibense o tamén o xardín que realizan os alumnos do colexio Padre Feijóo de Allariz e o gañador da pasada edición, o xardín "A la Imáxine de Allariz" do paraguaiño Gabriel Ayala. En total doce xardíns que deixarán patente o nivel paisaxístico do evento.



Redacción de OURENSE

O PP cualifica de “atentado” a iluminación do castelo de Ribadavia

César Fernández, portavoz do PP no Concello de Ribadavia, cualifica de “atentado” contra o castelo dos Sarmiento a montaxe de iluminación ordenada polo Goberno municipal ribadaviense, e do que o PP responsabiliza directamente ao alcalde, o socialista Ignacio Gómez. Trátase de “unha mon-

taxe impropia dun monumento de especial protección”, sinala o concelleiro do PP. E iso tras as “reiteradas” queixas que lle foron formuladas tanto en comisións como en Pleno e a pesar dun informe técnico negativo, destaca o portavoz popular. De modo que, aínda así, di César Fernández, “mantén unha cinta de alu-

meado, un armario eléctrico e un poste na fachada do monumento”. Unha actitude que, indica o portavoz popular ao referirse ao rexedor municipal, “amosa a súa máis absoluta falta de respecto cara ao símbolo da vila e aos seus veciños”. Ante tal postura e proceder do rexedor municipal, o portavoz do PP di solicitar o informe técnico do departamento municipal de Urbanismo que establece xa nas súas conclusións a especial protección que o castelo debe ter, e que cualifica os sistemas denunciados como “elementos esteticamente discordantes”. César Fernández insta a Ignacio Gómez a tomar “medidas inmediatas” que garantan o respecto ao monumento, empezando pola retirada da iluminación e o armario eléctrico exterior.



■ Exterior do castelo con “elementos estéticos discordantes”.

Augas de Galicia fará unha nova captación en Riós



■ A conselleira Beatriz Mato con alcalde de Riós, Francisco Veiga.

A conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Beatriz Mato Otero, trasladoulle ao alcalde de Riós, Francisco Veiga Romero, que o departamento que dirixe iniciará este ano as obras para unha nova captación e acometida de augas ao depósito de Venda da Barreira, neste concello ourensán. Mato Otero mantivo unha reunión co rexedor municipal, ao que lle adiantou que Augas de Galicia está actualmente revisando e pechando os últimos trámites da redacción do proxecto, que prevé un investimento de case 350.000 euros. Posteriormente, deberá asinarse un convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Riós, no que se fixarán as obrigas de cada administración, entre as que destaca a licitación das obras por parte da Xunta. Actualmente, o Con-

cello de Riós abastécese dende o depósito xeral de Vendas da Barreira, alimentado polo bombeo de auga situado no río Mente. As obras, que financiará Augas de Galicia, consistirán na execución dunha nova captación de auga, e as conducións necesarias, que permita o transporte da mesma por gravidade dende os nacementos dun afluente do río onde actualmente se capta. Outro dos puntos abordados no encontro foi a situación urbanística deste concello da provincia de Ourense. A conselleira recordou que Riós está a redactar o seu plan xeral, que conta con informe de aprobación Inicial, polo que lle brindou a colaboración da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo para que avancen na tramitación desta figura de ordenación, co fin de aprobarla o antes posible.

Constitúese a Xunta de Seguridade en Trives

O Concello de A Pobra de Trives acolleu a reunión de constitución da Xunta Local de Seguridade, co-presidida polo subdelegado do Goberno en Ourense, Roberto Castro García, e o alcalde, Francisco José Fernández Blanco. Participaron membros das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e da Policía Local. Esta é a segunda localidade, despois de Viana do Bolo, na que se instaurou esta ferramenta de coordinación a prol da seguridade e benestar dos veciños das comarcas da provincia nos derradeiros catro anos. Na actualidade hai constituídas

doce Xuntas Locais de Seguridade: Ourense, Barbadás, O Barco de Valdeorras, A Rúa, Viana do Bolo, Celanova, Ribadavia, Allariz, Verín, Xinzo de Limia, O Carballiño e A Pobra de Trives. Previa constitución, desenvolveuse a primeira Xunta Local de Seguridade na que os representantes das diferentes Forzas e Corpos de Seguridade e Policía Local foron dando conta dos informes en materia de seguridade cidadá e fixeron fincapé na importancia de colaboración entre a Policía Local de Trives e as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado. Na comparativa anual

2014-2015 detéctase un importante descenso tanto no cómputo de faltas como de delitos. Tamén diminuíron as infraccións administrativas e o número de detencións. O subdelegado do Goberno manifestou o seu agradecemento ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado “polo gran labor realizado na comarca ata o de agora”, e amosou o seu convencemento de que “coa coordinación entre todos corpos de seguridade a tarefa aínda será máis doada o que repercutirá nunha maior garantía dos dereitos e liberdades dos veciños das Terras de Trives”.

Allariz prepara a Festa do Boi 2016

O Concello de Allariz e a Asociación Cultural Xan de Arzúa presentaron o programa da Festa do Boi que se desenvolverá do 21 ao 29 de maio. No acto, ademais, presentouse o cartaz, deseñado por Rei Zentolo e protagonizado pola figura de Xan de Arzúa. Os encargados da organización da Festa do Boi comentaron as novidades e cambios dos festexos. A seguridade como base, máxima preocupación dos organizadores, dominou

os cambios no programa. A proba do boi realizarase dende as cortes e non dende a Barreira. A historia e a recuperación das orixes da festa será outra das novidades e os nenos e nenas os destinatarios. Haberá unha versión infantil da procesión de Xan de Arzúa e os maiores gozarán da xuntanza de gremios no castelo. E para todos os públicos, o colexio de Allariz expón a súa obra “Arteboi” que se poderá visitar na Fundación Vicente Risco.



■ O programa e o cartel presentouse no consistorio.

Galicia

Redacción de OURENSE

Presentación de Termatalia en México, sede da edición de 2016



■ Enma González e Alejandro Rubín na presentación de Termatalia en Coahuila de Zaragoza.

A caseta expositora do Goberno do Estado de Coahuila de Zaragoza no Tianguis Turístico de México, acolleu a presentación oficial de Termatalia 2016 neste país, sede da próxima edición. O acto contou coa presenza dos directivos da feira, de representantes institucionais do Estado de Coahuila e de destacados profesionais do sector. O Tianguis Turístico, que se celebrou en Guadalajara - Jalisco, é a cita turística máis importante do ano en México, xa que reunía aos seus 32 estados. Termatalia aproveitou a presenza nesta cita dos principais axentes turísticos do país para dar a coñecer os detalles da próxima edición que se celebrará en Arteaga/Salttillo, Estado de Coahuila, entre o 29 de setembro e o 1 de outubro de 2016 baixo o lema "Naturalmente Saudable". A presentación de Termatalia 2016 correu a cargo do subsecretario de Turismo de Coahuila, Luís Alfonso Rodríguez Garza, que representaba ao Gober-

nador do Estado, Rubén Moreira, e do director de Termatalia, Alejandro Rubín Carballo, que estiveron acompañados polo Cónsul Xeral de España para a Zona Pacífico de México, Miguel Benzo Perea; polo delegado de Termatalia para a Zona Norte de México, Antonio Garza; do presidente Municipal de Arteaga, José de Juan Durán Flores; polo representante da Asociación Mexicana de Hoteis, Rafael Armandariz, e polo membro do comité organizador da feira, Armando da Garza. Alejandro Rubín, indicou que "a celebración neste país contribuirá a poñer en valor o enorme potencial en turismo de saúde de todo México" e agradeceu "a implicación e interese mostrado por todos os axentes do sector para que a feira finalmente celébrese aquí e que asegura que os estados mexicanos vaian responder a esta convocatoria do mesmo xeito que responderon as provincias argentinas en 2014 na que estiveron presentes 19 de 21 provincias termais".

Coahuila

Esta presentación estivo organizada pola Secretaría de Desenvolvemento Económico, Competitividade e Turismo do Goberno de Coahuila, o que vén demostrar a firme aposta deste Estado por converter a Termatalia 2016 nunha das súas citas turísticas máis importantes do ano que contribuirá a situalo como destino de saúde de primeiro nivel, tanto dentro do propio México como entre o mercado estadounidense e latinoamericano. Termatalia México 2016 reforzará a nivel internacional o liderado deste país no sector do turismo de saúde en América Latina e Caribe e consolidará a feira como o principal centro de negocios internacional do sector e supoñerá novas oportunidades para as empresas de España e México, así como dos demais países participantes que se esperan que superen os 25. A Feira Internacional de Turismo Termal, Saúde e Benestar volverá

ser un foro de cooperación público-privada no que se establecerán sinerxias entre os distintos campos vinculados á saúde e ao benestar: balnearios, spas, clínicas, hospitais... Tamén se promocionará a Galicia dun modo especial como primeira comunidade líder en termalismo en España e situarase a Ourense como capital termal. Esta edición do Tianguis Turístico acolle ademais a tres países que xunto con México conforman a Alianza do Pacífico: Chile, Colombia e Perú. Trátase de países que participaron xa activamente en Termatalia e que están a desenvolver os seus recursos para converterse en importantes destinos de turismo de saúde.

México lider

O potencial do turismo de saúde en México e a súa capacidade de foco de atracción do turismo norteamericano queda fóra de toda dúbida. A súa elección como sede da próxima edición de Termatalia non é casual, xa que o turismo de saúde e benestar neste país supón o 50% dos ingresos no sector de toda América Latina e o Caribe, dato que amplía as posibilidades

de negocio das empresas que se decidan a participar nesta cita. Este tipo de turismo que vive un momento de expansión considerable xa que, entre 2007 e 2013 duplicou o seu número de spas, contando na actualidade con máis de 3.000 en todo o país e aos que hai que sumar os máis de 575 baños termais repartidos por toda a súa vasta xeografía. México é un país no que crece anualmente a chegada de turistas estranxeiros que cada vez máis demandan servizos relacionados coas terapias naturais. En 2013 México recibiu 12 millóns de visitantes usuarios da súa oferta de turismo de saúde e benestar, o 60% dos mesmos pertencentes ao mercado nacional mexicano. Isto supuxo uns ingresos de 10.500 millóns de dólares. As previsións ademais son moi positivas e espérase alcanzar en 2017 os 20 millóns de visitantes no sector. O enorme potencial de México no sector levou a Termatalia a ampliar o número de delegacións internacionais da feira neste país e conta na actualidade con cinco en total divididas en: México Norte, Sueste e Golfo, Costa Pacífico, Centro e Bajío, e Península de Baja California.



■ O Tianguis Turístico é a cita turística máis importante de México.



Manuel María, poeta da paisaxe chairega

Estamos diante dun día que din importante para a nosa lingua: o Día das Letras Galegas. Nesta ocasión dedicado a Manuel María, poeta da Terra Chá.

Sempre pasa o mesmo. Nese día, e os anteriores, os xornais, que se pasan o ano enteiro desprezando a nosa lingua, debrúzanse dunha maneira compulsiva sobre o escritor/a a quen se lle dedica o 17 de maio de cada ano. Dédicallle artigos de loubanza, publican libros case sempre pagos polos poderes públicos, danse conferencias falando das virtudes do homenaxeado/a. Durante toda a súa vida, uns máis outros menos, foron os esquecidos do sistema. Eran, son, escritores de segunda

que teñen a manía de facelo en galego. Agás uns cantos que se impoñen pola súa valía e non queda outra que recoñecerlles canto valen, aínda a nivel planetario. Homes e mulleres que adoptan o galego coma medio de expresión e comprobamos como teñen que sufrir un calvario para

que lles editen os seus traballos. Hai unha conciencia xeral de que en galego nin se vive falándoo, nin se vive escribíndoo.

Os xornais diarios ofrécennos de cando en vez artigos en galego para que non se diga...pero sempre como unha especie de farangullas que deixa a mesa do señor: o castelán.

Claro que sempre temos a certos personaxes e institucións, e aínda empresas editoriais, que viven da promoción e difusión do noso idioma por medio da edición de libros, de novelas, libros de texto, etc., pero case sempre bailándolle as grazas ao Poder; sempre dependendo de subvencións que non son gratuítas en ningún caso. Os que se atreven a escribir e publicar en galego durante décadas son vistos coma bichos raros; máxime cando non aceptan some-

terse aos ditados dos que mandan, dos que teñen potestas, que non autoritas. Pero así nos vai. Nestes momentos unha morea de galegos andan en liortas políticas para saber quen é máis galego que quen. Trátase de medir o seu galeguismo, o seu nacionalismo, en función do posto

de saída que consigan cara a Madrid. Sempre cara a Madrid, igual que fixeron os burgueses no século XVI. Non se atreven a pelexar pola soberanía social, política e lingüística deste noso País. Cando o fan é porque estaba no programa, non no seu corazón.

Manuel María dános unha lección de humildade e de valentía. El ía para avogado, segundo quería o seu tío cura, pero non

foi quen de desbaratar o seu amor á Terra. Fííxose poeta, escritor, divulgador da súa Terra Chá, que é tanto como dicir de toda a terra chá galega.

Grazas Manuel María pola túa entrega, pola túa valentía e por decidir vivir a vida que quixeches, aínda que estivera inzada de problemas. Galicia e o teu carro seguen cantándote na terra chá dos teus amores.



17 de MAIO
DÍA das
LETRAS GALEGAS
MANUEL MARÍA
A PATRIA NA PALABRA

Manuel María

Federación de librerías de Galicia

Letras Galegas



Falando con M. Veiga de Manuel María

Sempre coidei que Manolo Veiga, pola súa formación como xornalista e sociólogo, tirase máis polo ensaio que pola literatura de creación. Ao final semella ser esta a que se impuxo. A súa tese de doutoramento, recollida en forma de libro¹, desenvolvía a idea de que as elites galegas acordaran co estado un troco da identidade propia a cambio dun progreso tutelado ou,

noutras palabras, dunha “pretendida” modernización a cambio da asimilación no marco político estatal. O seu tempo de análise é o transito do século XIX ao XX, e un medio de comunicación o Faro de Vigo. Coido que o esquema analítico, no caso galego, ben pode ser aplicado tanto a outras épocas históricas como á outras áreas xeográficas.

Por: Carlos Méixome



Lois Pereiro e Manuel María

É certo que xa antes se iniciara na creación literaria² pero será con posterioridade á publicación de O pacto galego... cando se asente neste camiño³ no que acadou o premio Xerais (2004) e o García Barros (2006). Agora achéganos un breve ensaio⁴ sobre o seu amigo homenaxeado co Día das Letras deste ano e unha breve biografía para acompañar unha escolma dirixida ao mundo escolar⁵. É un lugar común, ademais dunha evidencia contable, que ao falar de Manuel María se sinala o seu exceso de produción “só de poesía, publicou corenta e sete libros, pode que algún máis que non aparece nas obras completas...” (p. 7); “Nin a mellor guía crítica parece capaz de orientar o lector entre os 1.525 poemas que, a risco de erro, escribiu (p. 59). Veiga procura atopar unha razón para ese exceso: “Pero ese número de libros que publica, a todas luces un exceso, a que se debe? Reitáranse os temas: as reflexións sobre a súa vocación de poeta, os pequenos detalles da natureza, a paixón pola súa muller, a crítica política, o prego, a burla das modas. É como dar voltas nun círculo, probablemente buscando a mellor versión, a máis acertada,

do mesmo sentimento. Pero non pode ser só iso. Máis alá da estética, parece buscar algo” (p. 9). Para Veiga o Manuel, o seu amigo iniciador nas lecturas, andaba na procura dun país porque o que tiña, o real, non lle satisfacía: “Vese formando parte dunha cultura no transo de desaparecer como un val asolagado, ben por asimilación exterior, ben por suspensión da conciencia dos seus propios protagonistas, unha cultura na que escribir un libro de poesía é pouca cousa como fórmula de resistencia” (p. 38) “... quizais estaba convencido de que a súa vida consistía en asistir, sen podelo evitar, á destrución paulatina do seu país...” (p. 10); “o seu destino parece trazado. Coa súa barba, coa forza da súa mirada e a voz grave, coa súa calma e obstinación, Manuel María parece destinado a ser o rei dese país que tanto cita. Un rei sen coroa. Tanto que a situación semella a do sebastianismo portugués, pero invertida. Chegou o rei, pero poucos son os que o esperan” (p. 17-18). Quizais esta insatisfacción proviñese dunha certa incompreensión do país propia do iniciático proxecto intelectual que precisa

todo proceso de construción nacional, sen vangarda cultural non se pode rozar un bosque inzado de toxeiros e silvas; pero o carreiro non é único e haberá camiños cando cheguen os claros no bosque e a diversidade de itinerarios faise evidente. Ese percorrido que vai dende “Eu son o druída de dazanove anos/ que se enguedella no teu amor,/ vermello de lameiras e de ermos/perdidos no escuro dun castiñeiro/unha tarde fría de inverno”⁶ ata “Ti amada, ollas como vou morrendo/en anacos pequenos cada día/ e nada podes facer para reterme/ á beira túa feliz e confiado”⁷. Reitera Veiga esta dupla e recíproca incompreensión e insatisfacción entre o poeta e o pobo “en Saturno (1991), poema de fasquía épica e remate infeliz, como corresponde ao motivo clásico. Quen devora os seus fillos é Galiza, a “tribo suicida”, imaxe que se repite en moitos outros poemas. Saturno ten o interese de transparentar unha interpretación historicista e romántica do nacionalismo, a través de cinco etapas: a inocencia do país, a fase de construción na que se desenvolven os grandes mitos, a colonización exterior, a

dos poetas e galeguistas que esclarecen a situación de dominación ante o pobo e finalmente a derrota, posto que a cidadanía non escoita os que buscan redimila” (p. 56-57). Esta visión idealista non é novidosa nalgúns nacionalismos, tanto centrípetos como centrífugos, na Europa do século XIX e mesmo, nalgúns casos, no século XX. Pero non foron as nostalxias evocadoras do pasado as que construíron as súas realidades políticas, senón os sonhos dun futuro mellor. Nestes retrosos semella andar ensarillado, outra vez Sísifo, o galeguismo político, o que pode entenderse nun país con tantas e tan boas persoas cultivadoras da arte poética. Quizais fose ese exceso produtivo, dos anos da transición política e de nacemento-expansión do galeguismo político o que afastou a “xeración dos oitenta” e posteriores dunha acaída comprensión da poesía de Manuel María, aínda que nesa altura Méndez Ferrín o reivindicase “A súa obra poética é máis nutrida que a de ningún outro autor da historia da nosa literatura. Esta

que aparezan textos deste poeta -en calquera das súas múltiples épocas e tendencias- de calidade e valor absolutos”⁸. O achegamento de Manuel María coas novas xeracións poéticas non se producirá ata “ben entrados os noventa, cando Manuel María fai simbolicamente a presentación da poesía heterodoxa de Lois Pereiro. (...) Era unha sorpresa, di un asistente ao acto⁹: os dous poetas de Monforte, tan diferentes na maneira de escribir e de vestir, alí xuntos” (p. 50). Pouco despois deste acto falecería na Coruña Lois Pereiro; tamén nesta cidade finaría Manuel María. Os dous poetas vinculados á cidade de Monforte, na que a intuición dime que ningún deles foi feliz, en especial Manuel María. O caso é que os dous foron recoñecidos pola Academia co seu Día das Letras e Monforte converteuse nun lugar de referencia na cultura galega e en especial na poesía, aínda que a Manuel María non poidamos nunca afastalo da súa Terra Chá: “A Terra Chá somentes é:/un pobo aquí e outro acolá,/mil arbres, monte raso,/un ceo chumbo



abastanza que ás veces distrae pola magnitude mesma e arreda da análise delongada, non pexa o feito de que en ocasións a tensión criadora se intensifique e

e tráxico/no que andan as aves a voar./O resto é soedá.” Paisaxe e comunicación dous dos elementos constituintes da poesía e da vida de Manuel María como el

Letras Galegas

mesmo dixo: “Entendemos que un ser humano é, en esencia, un anaco de paisaxe posto en pé e camiñando.” “Escribín por un irreprimíbel afán de comunicación cos meus semellantes, e por gañarlle un mínimo espazo á morte”.¹⁰

Nestas poucas páxinas Manolo Veiga achéganos a súa interpretación, exclusivamente, da obra poética de Manuel María, pero tamén dende a proximidade, dende a amizade forxada na convivencia física; nas ideas compartidas, no activismo militante, na relación mestre-alumno e nas moitas horas de chofer, que dan para falar, vai xurdindo o Manuel María máis humano.

Manuel non conducía, polo que tiña que andar na procura de transporte para os múltiples convites, que non gustaba de rexeitar, fosen dar unha conferencia, falar nun mitin, acudir a unha manifestación ou recitar os seus

poemas. Nun paralelismo con Otero, que sinalou con tino Méndez Ferrín: “Podemos así decir que toda a vida de Manuel María ten sido, e segue e seguirá a ser, unha viaxata interminable polos vieiros da saudade, digo da Galicia que non se dá visitado, que non se dá sentido nunca completa. Peregrino incansable de raios curtos, como se definía a si mesmo Otero Pedrayo, sempre cun pé no estribo do coche de liña...”¹¹.

Achéganos así a un Manuel bohemio e rebelde, loitador e inocente, a un poeta. “Talvez detrás da imaxe ordenada que durante case toda a súa vida ofreceu de si mesmo, Manuel María oculta unha idea bohemia da existencia” (p. 26) “A bohemia está vinculada en parte ao complexo de Peter Pan. O poeta, o creador, debe ser curioso, ten que estar disposto sempre a contemplar con sorpresa os infinitos detalles

da vida, e para conseguilo necesita a inxenuidade. En Manuel María, nas súas bromas, nalgúns dos seus actos, un descobre sempre un certo aire infantil. Quíxase moitas veces de todo, non dá nada por feito. De ter outro carácter, non seguiría escribindo poesía ata o final” (p. 32) “Non parece condicionado polo pavor e o trauma que marcou a xeración coa que comparte mesa nos cafés. É unha dos voces críticas máis diáfanos deses anos, talvez a que máis. Un atrevemento –fanatismo, dirán algúns– que o caracterizará sempre (p. 20) “O silencio, a censura, debían xerar nel unha insatisfacción permanente, semellante á de todos os axitadores clandestinos que acababan a súa vida cunha derrota. Pero o axitador tamén pode contar sempre con algunha vitoria, por pequena que sexa” (p. 11) O Manuel tamén tivo, e terá, as súas vitorias.

1 Veiga, M.: O pacto galego na construción de España. A Nosa Terra, Vigo, 2003.

2 Veiga, M.: As ruínas da cidade amada. Galaxia, Vigo, 1999
Veiga M.: Biografías de malogrados. Espiral Maior, 2001

3 O exiliado e a primavera. Xerais, 2004; Lois e Helena buscándose un día de tormenta. Galaxia, 2006; O profesor de vegliota. Xerais, 2008 e Os xornalistas utópicos, Xerais, 2013.

4 Veiga, M.: Manuel María, buscando un país. Xerais, 2016. Ilustracións de Víctor Tizón.

5 Veiga, M. E Lastra, X.: Manuel María. Vida, versos e rebeldía. Xerais, 2016. Ilustracións de Nuria Díaz.

6 “Pregaria dos dazanove anos” en Muíño de brétemas. 1950. Primeiro libro publicado por Manuel María.

7 “Os carreiros da morte” en Camiños de luz e sombra, 2000. Último libro publicado por Manuel María.

8 Méndez Ferrín, X.L.: De Pondal a Novoneyra. Xerais, 1984, p. 277.

9 O acto celebrouse en abril de 1996. Aínda que segundo Iago Martínez habería outro acto anterior, en 1992, no que Manuel María presentou o primeiro libro de Lois Pereiro, Poemas 1981/1991. Ver Martínez I.: Lois Pereiro. Vida e obra. Xerais, 2011, p.166

10 Manuel María: A Terra Chá:poesía e paisaxe. Discurso de recepción na Academia. RAG, A Coruña, 2003.

11 Méndez Ferrín: Resposta ao discurso de Manuel María. RAG, A Coruña, 2003.

CONCELLO SALVATERRA DE MIÑO

Letras Galegas

Manuel María 2016

VENRES, 13 DE MAIO
Actividade Infantil ao aire libre, na Praza do Concello, ás 17.30h.
*En caso de choiva a actividade será suspendida.
Probas con libros, pintura e para rematar, lectura e recital da obra de Manuel María

SÁBADO, 14 DE MAIO
No Salón da Casa de Cultura de Salvaterra, ás 19.00h.
Concerto de Corais polas Letras Galegas
As. Cultural Cantemos
Coral Aqua Música de Para de Sil
Coral Santa Mariña de Esteiro - Muros

*Do 16 ao 27 de maio estarán expostos na Biblioteca Municipal os traballos realizados polas nenas que acoden a biblioteca, sobre Manuel María e a súa obra.

*Ademais levarase a cabo o VI Concurso de Debuxo e Marcapáxinas «Letras Galegas» cos Centros Educativos de Infantil e Primaria do noso Municipio, dotados con 12 lotes de libros e material escolar.

Poesía visual nas aulas de Porriño co educador/poeta David Fernández Rivera

Ao longo de dúas semanas, os alumnos de quinto e sexto do CEIP de Atios, Antonio Palacios e Santo Tomás, viviron unha experiencia única grazas á visita do poeta, dramaturgo, director, artista plástico e educador, David Fernández Rivera (Vigo, 1986), para compartir un novo taller apoiado na poesía visual, ao “Proxecto Caligrama 2000”. Unha dinámica educativa que leva en vigor desde o 2008 e que se fixo presente en diferentes institucións educativas tanto nacionais como internacionais. Esta actividade está organizada pola Concellería de Educación de Porriño, que dirixe Lourdes Moure.

O éxito desta dinámica débese fundamentalmente ao traballo dos nenos, que a través das direccións de Fernández Rivera, aprenden a explorar, interpretar e crear poesía visual. O máis sorprendente do traballo é que

non se apoia nun material adaptado á infancia; todo o contrario, os infantes adéntranse nas entrañas, aparentemente complexas, de grandes clásicos

como Joan Brossa ou Apollinaire, ademais da obra visual do propio David.

Outro dos puntos relevantes do “Proxecto Caligrama 2000” é o

seu carácter interdisciplinar, que partindo sempre desde a imaxinación e creatividade, os alumnos mergúllanse desde unha perspectiva crítica cara valores tan importantes como o respecto á vida, aos animais, á natureza, identidade persoal, etc... Así mesmo, o taller incide no debate sobre temas como a escravitude no século XXI, o consumismo, a rutina, a importancia da arte..., ademais de moitas outras cuestións propostas polos colexiais desde a efervescencia que lles dá obter unha nova perspectiva.

E dicimos isto porque se hai algo que cambia no alumno, despois da visita de David Fernández Rivera, é a súa percepción da arte. En dúas horas a expectativa aburrida e axiomática cara á tradición descomponse no sorriso da liberdade e do aperturismo poético. De feito, o “Proxecto Caligrama 2000” busca o fomento do inte-

rese pola lectura, a arte en xeral e a formación dos consumidores culturais do futuro.

O “Proxecto Caligrama 2000” non só é un proxecto educativo, senón tamén unha reivindicación para reflexionar sobre o rol dos máis pequenos dentro do panorama cultural. O próximo curso David tratará de seguir impulsando esta proposta, xunto con outros talleres ou xornadas, co obxectivo de continuar compartindo diversas perspectivas da poesía.

A Universidade del Valle de Colombia (Univalle), concretamente a súa Sede de Tuluá, presentou e estudou a poesía visual, escénica e fonética de David, xunto ás súas aplicacións educativas, a través de talleres como o “Proxecto Caligrama 2000”. Deste xeito, o poeta dá un paso máis na internacionalización da súa pedagogía e compromiso educativo desde as artes.



Letras Galegas

Julio Cortázar e Galicia

Por: Roberto Carlos Mirás

“Nada bueno esperaba el mundo” Estas palabras do escritor uruguaio Eduardo Galeano sírvennos para coñecer un pouco mellor a Julio Cortázar ou tal vez estouttras: “aquella noche me di cuenta de que yo era un cazador de

e CC. de la Comunicación (Universidad de Humanidades CEU Cardenal Herrera, Valencia) Miguel Herráez (Valencia -1957) e autor de “Julio Cortázar, el otro lado de las cosas” (2001 e edicións ampliadas en 2003 y 2004) o “Dos ciudades en Julio Cortázar” (2006 e edición argentina en 2010) achégannos de novo ao noso protagonista en “Julio Cortázar. Una biografía revisada” (Alrevés) onde recolle infinidad de datos da súa vida en cidades como París e Bos Aires a partir dun coñecemento profundo da súa obra. Lembrámonos daquela excelente entrevista realizada por Joaquín Soler Serrano no seu mítico programa “A Fondo”.

Pero ustedes preguntaránse: Por que un medio en lingua galega nos ofrece, curiosamente, o Día das Letras Galegas, un texto sobre un autor nacido en Bruxelas de orixe argentina chamado Julio Cortázar? A resposta se cadra nola dá o poeta e narrador Francisco X. Fernández Naval (Ourense 1956) cando fixo da curiosidade unha virtude e se puxo a traballar nas relacións entre Galicia e o noso autor. En “O Soño Galego de Cortázar” (Linteio) Premio Anxel Casal ao libro non ficción, anteriormente: “Respirar polo idioma. Os galegos e Julio Cortázar” Obra traducida ao castelán pola Editorial Corregidor de Bos Aires, podemos atopar moitas respostas a estas e outras preguntas. Foi no ano 2006, como escribe Fernández Naval, cando Aurora Bernárdez (1920-2014) esposa do escritor cedía a Galicia o seu arquivo fotográfico e tamén o do escritor Julio Cortázar. Un patrimonio


que actualmente está depositado no Centro Galego Das Artes da Imaxe (CGAI) encargado da súa custodia en conservación. Estamos falando do traballo de Naval dun volume con distintas notas aclaratorias e textos cedidos para esta edición de autores como Eva Veiga, Miguel Mato Fondo, Olalla Cociña entre outros autores.

BOS AIRES

Era a capital editorial da literatura en lingua castelá. Dende as conversas que mantivo con Ramón Chao, que podía ser un dos personaxes dos seus relatos, foron moitos os que naceron fóra de Galicia que tiñan unha relación con ela. As circunstancias fixeron nacer a Lorenzo Varela na Habana, a Arturo Cuadrado en Denia (Alicante) e a Luis Seoane en Bos Aires. Os tres chegaron a Galicia onde protagonizaron unha intensa actividade cultural interrompida pola Guerra Civil. Os tres cadran en Bos Aires onde se atopan con outros compañeiros e amigos, como Carmen Muñoz, Rafael Dieste, Suárez Picallo, Otero Espasandín entre outros. Pero foi no ano 1956 cando Aurora Bernárdez e Julio Cortázar chegan a España e despois a Galicia onde utilizan todo tipo de vehículos daquela época; mesmo existen imaxes dese período que figuran no legado antes mencionado. No ano 1968 Xosé Neira Vilas (Memorias dun neno labrego) coñece a Julio Cortázar. É unha das moitas persoas que ofrece material e conversas para que Fernández Naval poida facer o seu traballo en torno a Vida Literaria de Cortázar. Na Habana Julio con Neira Vilas, entre outros, fala do conto como xénero literario; conferencia que logo será publicada como “Del cuento breve y sus alrededores”. Tamén o intelectual Isaac Díaz Pardo lembra conversas nas que Luis Seoane falaba do seu amigo escritor. Pero ao falar de Cortázar falamos dun home cuns coñecementos asombrosos; con referentes coma: Kafka, Hemingway, Faulkner, Bates, Chesterton,

Nerval, Wilde, D’Annunzio, Valéry, Homero, Shelley, Keats, Eliot, e o Jazz negro que ao seu entender era o único xenuino. Semellante autor espertou moitos traballos en torno a toda a súa vida e obra. Froito deses traballos é a obra de Naval que neste día Galego presentamos a vostedes. Foi no bienio 2006/2007 cando a iniciativa da profesora Soledad Pérez Abadín Barro fixo volver a actualidade a obra de Cortázar en Galicia dado o interese que os alumnos mostraban polos contos do escritor. E mais tarde a mesma profesora publicaría “Cortázar y el Che Guevara- Lectura de Reunión”. Tamén Camilo Franco (1963), xornalista durante moitos anos, foi o responsable de dar a coñecer esa faceta descoñecida no “Culturas” cando lle dedicou a Cortázar un número especial baixo o título de: “La circunstancia gallega de Julio Cortázar” cunha entrevista a Aurora Bernárdez e un relato na páxina final, titulado: “No peto dunha americana”. Tamén no ano 2006 Xavier Seoane recibiu o encargo de preparar unha conferencia sobre a poesía do escritor argentino. “Falamos dun home, Cortázar, moi culto, di Xavier en conversa con Fernández

Naval” Ao que engadimos as palabras de Saúl Yurkievich (1931-2005, Julio Cortázar: Mundos y Modos) que nun Prólogo para Rayuela fala dunha novela talismán, novela iniciática, proposta existencial que aspiraba, potenciando o



palabras. Para eso había nacido. Esa iba a ser mi manera de estar con los demás después de muerto y así no se iban a morir del todo las personas y las cosas que yo había querido” (Galeano. La Biografía. Ediciones B)

Cando morreu o noso autor, a escritora Cristina Peri Rossi (1941) non foi ao seu enterro; se cadra froito dese sentimento e desa inqueda saíu a publicación de “Julio Cortázar y Cris” (Cálamo) que nos introduce nas súas vivencias máis íntimas co escritor de Rayuela. “A veces se produce el encuentro entre dos grandes escritores y de esa conmoción surgen risas, relatos, poemas, cartas, viajes, diarios chispeantes y fascinación mutua. En la última década de su vida” París e Barcelona foron os escenarios, e Julio Cortázar dedicoulle quince poemas de amor a Cris e moitos anos despois da súa morte, ela escribe a crónica desa amizade amorosa irrepitible. Pero foron outros os que se achegaron á figura persoal e literaria deste grande autor. O Catedrático de Literatura Española na Facultade de Humanidades



humano a cambiar a vida”.
Fontes bibliográficas:
Francisco X. Fernández Naval e Miguel Dalmau autor de: “Julio Cortázar. Biografía” (Edhasa) e “Aquello anos del boom. García Márquez, Vargas Llosa y el grupo de amigos que lo cambiaron todo” (RBA) www.edicioneslin-teo.com



■ Julio Cortázar.



Siro López: “Cervantes era de orixe galega pero non galego, nin sanabrés de nacemento”

“Cervantes era de orixe galega pero de nacemento non era nin galego nin sanabrés” dixo de forma contundente o xornalista, escritor e artista plástico ferrolán Siro López Lorenzo, na conferencia que pronunciou baixo o título “¿Cervantes galego?” na delegación da Xunta en Madrid/Casa de Galicia.

“Convíñanos moito programar esta conferencia precisamente nesta semana, e así o acordei con Siro hai case un ano”, dixo o Coordinador de Actividades da Casa Ramón Jiménez, na presentación.. Engadiu que “coñecendo a brillante traxectoria profesional e persoal do noso invitado desta noite, calculei que dificilmente podíamos atopar a ninguén mellor que el que puidese protagonizar nosa particular celebración cervantina”.

O conferenciante sinalou que “sen dúbida Cervantes foi un home singular e estraño, rodeado dun halo de misterio desde que, con vinte e un anos, cando estaba en Madrid e era discípulo do humanista López de Hoyos, tivo un enfrontamento no que deixou ferido o seu adversario. . O incidente foi gravísimo. O mozo Cervantes tivo que fuxir a Italia e foi condenado en rebeldía pola institución Alcaides de Casa e Corte”.

Probablemente por este feito “evitou ser identificado co novo protagonista do incidente, o que o levou a ocultar o seu lugar de nacemento e mesmo a mentir. Varias cidades disputásenlle esa honra”. Con todo o aparecer a súa partida de bautismo en Alcalá de Henares, non debería haber lugar para a discusión: “Cervantes era de orixe galega -algo que ninguén discute e aceptan toda clase de biógrafos- e que confirmou de forma incuestionable o xenealoxista lucense Manuel Julio Platero Campo, pero naceu en Alcalá de Henares”.

“Con todo hai quen segue defendendo o seu nacemento en Sanabria con argumentos múltiples que van desde a afirmación de que a partida de bautismo de Cervantes está manipulada e non lle corresponde, a unha ampla selección de voces que non son propias do castelán do Século de Ouro e si da fala peculiar sanabresa”. Tal é a tese do escritor César Brandariz, presente na sala e que Siro rebateu.

Siro demostrou con imaxes e un informe do profesor Miguel Romaní, do Departamento de Paleografía da Universidade de Santiago, que “a partida de bautismo non está manipulada e pertence a Cervantes”. Presentou un informe do filólogo galego Alejandro Pérez Gómez, no



■ De esquerda a dereita, Ramon Jiménez, o escritor e poeta Vicente Araguas, o conferenciante Siro e o presidente do Consejo de Estado José Manuel Romay.

que se afirma que a totalidade das voces presentadas como sanabresas figuran no Tesoro de la lengua castellana o española, de Sebastián Covarrubias, contemporáneo de Cervantes.

En definitiva, “Cervantes era de orixe galega pero non galego, nin sanabrés de nacemento”. E engadiu con humor “gustárame que fose galego e aínda máis que fora de Ferrol, e do

meu barrio. Pero, era de Alcalá”. O curioso é, segundo Siro, que “a xenética galega debeu de impoñerse na personalidade artística de Cervantes, que non só escribiu co Quixote a primeira novela moderna, senón tamén a primeira creación literaria que responde a esa peculiar forma de humor que é o humorismo, que o pobo galego manifestou en refráns, cantigas e contos de tradición oral”.



Letras Galegas

Por: Xosé González Martínez

Presidente do Foro E. Peinador.



Enrique Peinador Lines e o galeguismo ourensán

O profesor e historiador Ricardo Gurriarán Rodríguez, que é un avezador investigador capaz de explorar fontes agochadas para reconstruír páxinas da historia de Galicia, aceptou a encomenda de escribir a biografía de Enrique Peinador Lines, o empresario de máis proxección internacional que tivo Galicia no primeiro terzo do século XX. Un descoñecido para moitos empresarios empeñados en alimentar o discurso da contradición entre os negocios e faceren ao tempo propósitos de galeguismo. O Foro E. Peinador fóllese dos resultados acadados nas pesquisas do investigador. Enrique Peinador Lines, propietario do Balneario de Mondariz e das augas mineromedicinais, foi o precursor da responsabilidade social corporativa, da filantropía e mecenas. O seu activismo galeguista foi decisivo na organización das Irmandades da Fala, e a partir do ano 1931 cando se constituíu Partido Galeguista. En ambas as dúas organizacións tivo un papel sobranceiro. Mesmo durante o tempo da sublevación militar do ano 1936 intentou na clandestinidade reorganizar o partido ata o seu falecemento acaecido o 20 de xuño de 1940.

As súas inquedanzas galeguistas víñanlle de vello; pois xa figuraba desde a súa fundación co número 15 no censo de afiliados da Irmandade Nacionalista Galega que dirixía Vicente Risco a carón de Álvaro das Casas, Manuel Banet Fontenla, Ramón Cabanillas e outros coñecidos intelectuais.

A teor da correspondencia rescatada polo biógrafo temos constancia da estreita relación de amizade que mantivo cos intelectuais ourensáns da Xeración Nós, que o admiraban e solicitaban a súa mediación en moitas ocasións.

Con data de 3 de setembro de 1923 Vicente Risco outorgáballe poderes así: "Eu, Vicente Risco Conselleiro Supremo da I.N.G autorizo e dou a miña confianza preña ós irmáns Enrique Peinador Lines, Manoel Banet Fontenla e Antón Lousada Diéguez, para que, conxuntamente, ou calquera d'íles, precisen unha

fórmula para chegarmos a un acordo coa Irmandade da Fala da Coruña". Pretendía Risco poñer a salvo a unidade das Irmandades ameazada polas diverxencias estratéxicas que xurdiran entre elas, e Peinador foi o mediador.



"En fin, teño a satisfacción de poder pensar que namentras haxa quen da causa se preocupe coma ti e coma min, iremos para diante", dille Risco.

Pero aínda houbo máis ocasións nas que Peinador foi útil á causa.

Cando a revista Nós deixou de editarse durante dous anos, 1923 e 1925, unha vez máis Risco dirixese a Enrique Peinador, o "abastado oficial" do galeguismo, demandando axuda económica para que a revista se volvесе editar, confirmando a colaboración solicitada.

O 14 de abril de 1935 escribelle Otero Pedrayo unha carta solicitando a súa mediación para que Vicente Risco non abandone o Partido Galeguista: "Vostede que estaba presente, sabe como se desenvolveron as cousas na IV Asemblea do Partido. Mais o Risco non está conforme. Sofre moito i-a min dáme moita door miralo sufrir. Dóelle na

alma arredarse do Partido, e vaise arredar por escrúpulos de concenza galeguista que considerada magoada pol'a dirección política do Partido. Mais se o Risco se vai iránse outros e abonda a saída de Risco para nos magoar a todos. Eu penso que

vostede podería faguer algo aconsellando a Risco i-eispondo-lle as razóns que considere Vde. co seu grande galeguismo, oportunas, sen falar para anda de ista carta miña pois élo sería peor". Pero desta volta Enrique Peinador Lines xa non puido facer nada; porque son ben coñecidas as diferenzas políticas que foron insalvables. Vicente Risco con outros máis escindíronse constituíndo Dereita Galeguista. Peinador quedou cos que foran partidarios de iren ás eleccións en coalición na Fronte Popular. O próximo día 5 de maio o Foro E. Peinador, no marco da celebración do "Día da Galeguidade Empresarial", honrará a memoria dun empresario egrexio, de éxito nos seus negocios, ilustrado e galeguista. Presentarase a súa biografía coincidindo coa descuberta dun monumento do escultor J.Molares nos xardíns da Escola Universitaria de Estudos Empresariais en Vigo, a ubicación máis natural para que o alumnado teña un referente na historia económica de Galicia a quen imitar cando asuman postos de xestión e dirección empresarial.

Por: Rafael José Adalid Rodríguez

Apuntes sobre as historias da tradición oral

Da amplitude que compón o patrimonio cultural inmaterial, a tradición oral ocupa un lugar privilexiado dado o elevado número de legados culturais que se conservan ou son interpretados por parte da sociedade galega.

Diversas son as tradicións e formas de expresión oral que foron recollidas en Galicia ao longo do tempo e do espazo: adiviñas, coplas, panxoliñas, poemas, refráns, trabalenguas... equeseguen formando parte no día a día da vertente lingüística e cultural; ben como parte principal ou ben como complementaria da realización ou recreación de calquera actividade, aínda que na actualidade o uso desta sexa o que é. Neste punto tamén se inclúen os contos, mitos e lendas transmitidos de forma oral, aspecto ó que lle quero dedicar tempo dada a súa relevancia para a sociedade.

Moitos de nós, cando falamos de contos, lendas e mitos orais, trasladámonos espiritualmente ás vacacións do inverno, ás fins de semana, ou ós días nos que compartimos casa cos nosos avós e avoas cando ó carón do lume nos achegabamos para quentarnos do frío inverno, esperabamos que estivese o pote, que fumegaran os

chourizos... namentres as noites se facían máis longas que os días. Ó redor desa fogueira que emanaba calor, medramos mentres transcorrían os anos, nela sempre nos si-



tuabamos a falar e a escoitar aquilo que os maiores da casa nos contaban ós máis pequenos. Prestando atención con moita credibilidade, inxenuidade e perplexidade a todo aquilo que alá se reproducía; esas historias que, os nosos avós e avoas soían inventarse nese momento, de non seren xa coñecidas

pola sociedade, e das que escoitáramos durante anos diferentes versións, pois cada persoa contabaas como lle parecía chegando a omitir ou reproducir novas partes dentro

destas historias. Era tanta a veracidade que se lle outorgaba dende a inocencia da infancia, que incluso lles preguntabamos constantemente sobre esas narracións contadas, co fin de saciar a nosa ignorancia sobre o emitido. Os que vivimos esta realidade formamos, por tanto, parte da trans-

misión oral do noso patrimonio cultural inmaterial. Se queremos que esta transmisión cultural perdure e teña vida, correspóndenos transmitilas ás novas xeracións.

Esta transmisión non só ten fin educativo ou ensinante como o que transmiten os contos. As lendas e os mitos dotarán de explicacións e informacións sobre o medio e o contexto socio-cultural no que reside, a parte doutras aprendizaxes que se adquiren de producirse o uso da indagación e da recollida de informa-

ción; relacionándose todas elas con aspectos como a creatividade e a imaxinación, que trasladan ós seus oíntes a outras realidades das que soen ser os principais protagonistas. Non en van, na antiga Grecia a tradición oral formaba parte como elemento educativo, coñecedores por tanto, dos beneficios que este tipo aprendizaxe podía transmitir. Dende este proceso de recreación, poderíanse pór en valor e en importancia outros elementos esenciais da ou para a vida, empregándoos de forma complementaria nestas historias como no caso da auga, pois o gran espectro cultural que xira ó redor dela na nosa terra é impresionante, transcende dende as crenzas, o carácter máxico, o misticismo ata personaxes como as feiticeiras, lavadeiras, mouras, se-reas, xacios... deixando un gran espazo á creación de contos aproveitables para o apego e a concienciación sobre a importancia deste elemento da natureza.



Sober dedícalles o Mes das Letras a Manuel María



■ Asistente ás merendas con contos na Biblioteca de Sober.

O Goberno local do Concello de Sober dedícalles o Mes das Letras, maio, a Manuel María, escritor vinculado á Ribeira Sacra durante unha longa etapa da súa vida. Así, as actividades organizadas pola Biblioteca Pública Municipal no marco das “Merendas con Contos” dos venres serán unha homenaxe ao escritor chairego. A programación comezou o venres día 6 de maio co contacontos “O poeta do Miño” a cargo de Polo Correo do Vento, unha actividade que forma parte do programa Ler Conta Moito, promovido pola Xunta de Galicia. O mesmo día inaugurouse na Casa da Cultura a exposición de Martínez Coello “48 momentos”, Alejandro Ciurluini e Cándido Caneiro. A mostra estará aberta ao público do ata o 30

de xuño. O día 13 de maio será a data de celebración das Letras Galegas cun concerto da Escola Municipal de Música de Sober no que haberá música en movemento, unha actuación do coro infantil, do Coro Brea e da Banda Xuvenil. Con este concerto afondarase tamén na figura e na obra de Manuel María. O día 20 de maio os nenos e nenas que participan nas “Merendas con Contos” asistirán a unha sesión de cine. E o venres 27 de maio farase a entrega de premios do Certame das Letras Galegas de narración e debuxo infantil. A tarde acabará cunha merenda para todos os participantes. Todas as actividades se celebrarán na Biblioteca Pública Municipal os venres ás 17,30 horas, agás a sesión de cine.

Letras Galegas

Pepe Velo, galeguista e loitador

Por: Ramón Coira Luaces

Xosé Antonio Velo Mosquera nace en 1916 en Celanova, no seo dunha familia acomodada. O seu pai tiña unha tenda de tecidos e foi alcalde e representante de Celanova na Deputación de Ourense. Estudou Filosofía e Letras en Santiago de Compostela. Fíxose militante das mocedades galeguistas. E foi mobilizado polo bando “nacional” na Guerra Civil. Ao rematar a contenda, da clase nunha academia de Celanova e, por mor dos atropelos que sofre, trasládase a Vigo, onde abre un colexio e da clases de matemáticas. Colabora con grupos da resistencia antifranquista e é detido en varias ocasións. En 1944 é encarcerado na Coruña, sendo liberado en 1945 pola Amnistía dese ano. En 1948 foxe a Portugal e despois a Caracas, onde en 1949 abre unha academia. Entrou en contacto con exiliados galegos, portugueses e españois e con eles funda o Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación.

En 1961, baixo o seu mando, dúas ducias de galegos, portugueses e españois secuestran o buque Santa María que partira de Caracas e Coração. Non querían ser terroristas nin que isto desembocase nunha acción terrorista. A nave era de bandeira portuguesa e foi tomada en augas internacionais, nunha operación que chamaron “Dulcinea”. Levaba case 600 pasaxeiros, a maioría españois e portugueses, mais tamén había

venezolanos, norteamericanos e doutras nacionalidades. Xunto coa tripulación facían un total de case mil persoas. Os asaltantes fixéronse pasar por pasaxeiros e no asalto, na noite do 21 ao 22 de Xaneiro,

perece un tripulante e hai varios feridos. O seu lema era: liberdade, xustiza ou morte.

Desde os medios oficiais de Portugal e España, chámamlles piratas. Mais eles non rouban nada e ordenáronlle ao capitán do Santa María que levantase acta das contas existentes na caixa de caudais. O exilio republicano solidarízase con eles e a prensa internacional di que se trata dun acto político e non de piratería. O buque é localizado pola VI frota ameri-

cana, que non o asalta. Aos doce días, o 2 de Febreiro, desembarcan en Recife (Brasil) os pasaxeiros e entregan a nave ás autoridades brasileiras. E os asaltantes reciben asilo político en Brasil.

Pepe Velo escribiu tamén poesía e publicou artigos e poemas en varias revistas. Nun poema escribe que el é “un galego de alma, coa patria prohibida polos donos da verdade”. En 1971 fundou a revista “Paraíso 7 días”. E en 1972 falece en São Paulo.

O día 21 deste mes, teño entendido que inaguran unha exposición sobre el na Casa dos Poetas de Celanova, que seguro paga a pena visitar.



Anécdotas en Sober sobre Manuel María

O escritor XoséLois García contou moitas curiosidades e anécdotas sobre a vida de Manuel María ós alumnos do colexioVirxe do Carme de Soberdándolles unha visión moi próxima e persoal da súa figura e da súa relación co municipio. Tamén participou Alfonso Campos e o alcalde, Luis Fernández Guitián, que fixo entrega a cada nenodunexemplar do libro infantil de Manuel María “O bigote de Mimí”. O conto de Manuel María está editado pola Fundación Manuel María nunha edición especial encargada polo Concello de Sober. E para a biblioteca e para os profesores entregouse o libro: “Manuel María reencontrado”, do que é autor Lois García. Manuel María Fernández Teixeira, nado en Outeiro de Rei (Lugo) o 6 de outubro de 1929 e finado na Coruña o 8 de setembro de 2004, é máis coñecido

como Manuel María. Foi poeta, narrador e dramaturgo recoñecido de extensa obra e profundo compromiso político co nacionalismo galego. Este ano adicaselle o Día das Letras Galegas.



■ Os estudantes escoitaron ao escritor Xosé Lois García.



CONCELLO DE SOBER

MAIO: MES DAS LETRAS

Neste mes homenaxeamos a **Manuel María Fernández Teixeira**, escritor vinculado á **Ribeira Sacra** durante unha longa etapa da súa vida.

6 DE MAIO
Contacontos: O Poeta do Miño
Polo Correo do Vento
Programa Ler Conta Moito. Xunta de Galicia

13 DE MAIO
Música e Literatura: Celebramos o Día das Letras Galegas
Coñecemos a figura do poeta Manuel María, autor homenaxeado este ano no día das Letras Galegas (17 de maio).

Concerto da EMMS:

- Música e Movemento.
- Coro Infantil
- Coro Brea
- Banda Xuvenil

20 DE MAIO
Sesión de Cine

27 DE MAIO
Entrega de premios do Certame das Letras Galegas: Narración e Debuxo infantil

Remate da programación de Merendas con Contos cunha merenda para os participantes.

As 17:30h da Biblioteca do Concello de Sober



Outeiro de Rei, 1929 - A Coruña, 2004

Letras Galegas

Un texto fundamental para coñecer a Manuel María

Mercedes Queixas Zas presentou na Casa do Libro de Vigo Labrego con algo de poeta. Biografía de Manuel María, unha achega fundamental para coñecer a vida e a obra do poeta chairego ao que a Real Academia Galega lle adica o próximo 17 de maio o Día das Letras. Estivo acompañada por Carlos Lema e Ramón Nicolás.


A casa oureirense, a tribo chai-

rega e a nación galega representan a triple razón de vida en que Manuel María afina o seu universo biográfico e literario. Neste libro, Mercedes Queixas segue –en efecto– o roteiro vital do poeta entretebrando vida e obra, feitos e ideas, letras e sentimentos. Cun relato directo, sintético e ao tempo rigoroso, a autora achéganos ao itinerario vital de Manuel María. Itinerario que, coma un río sempre fértil e vizoso, nace coas raíces na Terra Cha, medra na prolongada formación académica e autodidacta de carácter enciclopédico e multiplica o seu curso nunha escrita extensa e de temática ricaz. O idioma, a fala, o oficio de poeta e a tradición literaria marcan a vida de quen se entregou na defensa da súa xente e da súa cultura. A poesía é o sinal dese compromiso, a biografía é o testemuño que corrobora o anseio constante de liberdade.

Mercedes Queixas Zas (ACoruña,



1968) é profesora de lingua e literatura galega no ensino secundario. Ademais de breves ensaios de carácter divulgativo, como Os trobadores do Reino de Galiza (1997), escribiu Martín Sarmiento. O inicio da recuperación da conciencia galega (2002) e Ramon Pineiro. A expresión cultural dunha estratexia política (2009). Colaborou na Historia da literatura galega (1996) e é coautora da Historia xeral da literatura galega (2001). En 2011, publicou Vivir, unha aventura irrepitíbel, biografía da poeta María do Carme Kruckenberg.



Unidos por Manuel María

Sección de cultura, idiomas, educación e cooperación. Manuel María, poeta do século XX, é un dos autores máis importantes da literatura galega. A súa obra é un legado para todos os galegos e galegas.

"O idioma é a patria,
a esencia máis nosa,
a creación común
meirande e poderosa."

Fragmento de 'A Fala' do poeta Manuel María.
Reproducido no Día das Letras Galegas 2016.

17 de maio
Día das Letras Galegas

galicia
o bo camiño

XUNTA DE GALICIA
xunta.gal

Letras Galegas

As feiras do libro de Galicia celébranse en 14 concellos

As Feiras do Libro Novo de Galicia amplían este ano o seu calendario cun total de 14 citas, dúas máis que en 2015. Os municipios pontevedreses do Porriño e de Redondela súmanse este ano a unha programación que tamén chega, entre o 5 de abril e o 27 de agosto, ás localidades de Pontevedra, Ferrol, Santiago, Lugo, Ourense, Ribeira, Vigo, Rianxo, A Coruña, Viveiro, Foz e Monforte. As novidades editoriais volvensaíráns rúas dos concellos galegos para achegarlle á cidadanía o libro e a lectura, nun percorrido que as leva polas catro provincias galegas e que foi presentado xunto co calendario das feiras internacionais do libro deste ano, polo secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo; pola presidenta e polo vicepresidente da Federación de Librerías de Galicia, Pilar Rodríguez e Xosé Antón Pedreira, respectivamente; pola presidenta da Asociación Galega de Editores (AGE), Laura Rodríguez; e pola subdirectora xeral de Bibliotecas, Cristina Rubal. As Feiras do Libro de Galicia celébranse nos meses de primavera e verán, con postos de venda de exemplares xestionados polos libeiros, e complétanse cunha extensa programación de actividades paralelas dirixidas a todas as idades, como charlas, encontros con autores, espectáculos infantís, presentacións de libros etc., que fan destes eventos unha cita de alto interese cultural. Xa se celebraron en abril as de Pontevedra e Ferrol. En Santiago remata o 8 de maio. En Porriño será o 12 ao 15 de maio. En Ourense do 3 ao 8 de xuño e na vila de Redondela, do 16 ao 19 de xuño. Xa no



■ Presentación do programa das Feiras do Libro de Galicia 2016

verán, as Feiras do Libro de Galicia percorreren os municipios de Ribeira, do 23 ao 26 de xuño; Vigo, do 1 ao 10 de xullo; e Rianxo, entre o 21 e o 24 de xullo; na Coruña, desde o 1 ata o día 10; en Viveiro, do día 12 ao 15; en Foz, entre o 18 e o 21; e, finalmente, en Monforte, do día 24 ao 27. A programación de espazos na rúa para lle dar visibilidade ao libro e favorecer un achegamento doado á produción editorial galega complétase coas Feiras de Libro Antigo e de Ocasión, do mes de maio ao de setembro, que se organizarán nas cidades de Santiago (do 14 ao

29 de maio), Lugo (do 2 ao 17 de xullo), Vigo (do 23 de xullo ao 7 de agosto), A Coruña (do 14 ao 28 de agosto) e Ourense (do 3 ao 18 de setembro).

Bos Aires

“Ademais de favorecer o comercio interior do libro –afirmou o secretario xeral de Cultura– desde a Xunta de Galicia apostamos por impulsar a proxección exterior do sector editorial coa participación nas principais feiras internacionais do libro”. Para facilitar esta promoción, difusión e intercambio literario en diferentes ámbitos

xeográficos de Europa e América, a Consellería de Cultura e Educación promove a asistencia ás principais citas internacionais no ámbito editorial. Anxo Lorenzo recordou que o eixo central deste ano para a proxección exterior do sector será a Feira Internacional do Libro de Buenos Aires, que terá como cidade convidada, na súa cuadraxésima segunda edición, a capital de Galicia. “Esta semana presentábase un avance da programación das preto de 150 actividades que desenvolveremos nesta feira, na que Galicia contará cun stand de 200 metros cadrados coordinado polo Goberno galego, no que tamén estarán representados o Concello de Santiago e mais a Asociación Galega de Editores”, dixo. En coordinación coa AGE, déuselle prioridade este ano a un calendario no que Galicia e o seu sector editorial estarán representados, ademais de en Buenos Aires, do 21 de abril ao 9 de maio, na Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña, do 4 ao 7 deste mes de abril; na Feira Internacional do Libro de Fráncfort, do 19 ao 23 de outubro; e mais na Feira Internacional do Libro de Guadalaxara, en México, que se realizará a finais deste ano, do 26 de novembro ao 4 de decembro. Nas feiras internacionais, as editoriais galegas contan cun stand institucional da Xunta de Galicia para a visibilidade das súas publicacións e imaxe, distribución de materiais promocionais, atención ao público, así como para o desenvolvemento de reunións que favorezan a actividade comercial das empresas do sector.

Lingua Viva adicada a Manuel María

O delegado de Cultura da Deputación de Lugo, Xosé Ferreiro, presentou a terceira edición do Lingua Viva, un proxecto da Área de Cultura da Deputación de Lugo. Xunto a él estivo tamén Paloma Lugilde, coordinadora do proxecto e directora do grupo de teatro lucense Palimoco Teatro, así como algúns e algunhas das integrantes do mesmo. O proxecto Lingua Viva contempla obradoiros de teatro e danza, e é, tal e como expresou Ferreiro “un proxecto aberto, anovador e flexible co que queremos contribuír neste ano de Manuel María ao coñecemento e difusión das diferentes facetas que desenvolveu o escritor chairego, quen é coñecido pola súa dimensión de poeta, máis que tamén explorou outras facetas como a dramaturxia”, dixo. Haberá obradoiros de teatro e danza para todas as idades, para nenas e nenos desde os 8 anos e para público adulto de todas as idades, ata o 17 de maio. Así mesmo, destaca tamén o feito de que haberá un grupo de traballo específico co grupo de teatro

amador Down Lugo. A representación da peza final que xurda dos obradoiros de Lingua Viva terá lugar o 17 de maio a partir das 21 horas en diferentes puntos do casco antigo de Lugo. Así mesmo, desde a Área de Cultura non descartan que esta peza final poida moverse a outros puntos

da provincia de Lugo “habida conta da calidade e bo facer coa que conta o proxecto Lingua Viva, proba disto é o éxito das edicións pasadas, que este ano agardamos siga a medrar en número de participantes e tamén, xa que logo, en representacións”, dixo Ferreiro.



■ Espectáculo de danza do proxecto Lingua Viva.

Robots no colexio de Sober



■ Modelos de Escornabots.

O CEIP Plurilingüe Virxe do Carme de Sober formará parte dun proxecto pioneiro promovido pola Dirección Xeral de Centros da Xunta de Galicia que introduce robots e a linguaxe de programación no centros escolares a través das bibliotecas. O centro soberino contará con catro destes robots no marco do proxecto Escornabots. Pretendese estimular a iniciación do alumnado de Infantil e Primaria no campo da robótica e a linguaxe da programación a través de actividades manipulativas mediante o uso de peque-

nos robots, bautizados como Escornabots. Trátase, como explican desde o CEIP Plurilingüe Virxe do Carme de Sober, de facer actividades que combinen a expresión oral, alfabetizacións múltiples, aprendizaxe manipulativa, xogos, investigación e traballo colaborativo. O alcalde, Luís Fernández Guitián, agradece o traballo feito ao CEIP Plurilingüe Virxe do Carme que conseguiu ser un dos centros nos que se implantará este proxecto piloto. O rexedor anima ao alumnado a facer un uso intensivo destes robots e sacarlles o maior partido.



Letras Galegas



Baldomero Iglesias Dobbario

Mero

Este ano As Letras Galegas celebran a Manuel María, amigo e compañeiro en tantas ansias e de tantos soños compartidos, anxeios que perduran aínda na loita cotiá de ver nos Patria, e nós reflectidos na Nosa Cultura, co sitio que merece e coa consideración de propiedade na abondosa Casa que nos acolle. Tiven a sorte de coñecelo ben, os dous chairegos e xunguidos na orixe satisfeita de galegos de nación, coa ventura de abrir os ollos e o corazón ás mesmas paisaxes, aos mesmos horizontes lonxanos da Chaira, extensión enorme que acrecentou nostalxias de xustiza e sen-

timentos de esperanza. Musiquei os seus textos e sentín fondamente o que estaban a describir, os meus mesmos sentimentos, aqueles que soubo perfilar con tanta arte. O Carro, letra da súa autoría, á que eu puxen música, conciliou o renxer dun eixo anunciando farturas das que só nos quedan señardades, as soidades e ausencia da terra mesma. Non vimos chegar a xustiza necesaria para a Nosa Lingua e Cultura no eido sublime, sequera, da propia consideración. Antes ben, "os insensibles" non souberon uns e outros non quixeron, elevar a atención social da nosa esencia feita puro sentimento. Atacárona desde a mentira e a inxustiza de facela de menos, menos "útil" para as súas perversas intencións. Outros fixérono magnificando outros idiomas máis "útiles" para os intereses bastardos da subordinación dos fundamentos culturais

dun pobo, o Noso Pobo. Fixeron o imposible por aniquilarnos en todas as formas de relevancia e cohesión social. Lingua, arte, ensino, teatro, xornalismo, audiovisual, música, danza, et. O deterioro vese, son os efectos do trilingüismo asoballador que "nos consiente" unha participación do 30%, que –por certo– non se cumpre. A cultura que eles gastan é a que somete, ás subvencións, aos seus mandados, ás aparencias dun suicidio asistido. Novo fracaso, non só con políticas de contención senón polo retroceso manifesto dos nenos galegofalantes ou nos neofalantes –prácticamente inexistentes. Unha pena, o camiño que eles iniciaron é unha enfermidade irreversible e colectiva. Os nenos das aldeas xa incorporan o verbo "olvidou" por "esqueceu" que non comprenden, ou inclúen tempos compostos invasivos na nosa fala. É obriga

nosa lembrar aos culpables, cobran bos soldos polo labor noxento e deprimente de perversión, intolerable. Saen nos medios –do seu ramo– compracidos e contentos na propia mentira: nunca asumen a responsabilidade. Chámanse directores xerais ou secretarios xerais, ou conselleiros de calquera área que puidera ser riqueza, torpes autoridades dun país que esvaece no abandono porque eles se encargan de animalo, porque contra ese País gobernan. Mirade senón a agricultura en alerta continua. O rural morre a mans das leis que eles propiciaron. Sabemos que a nosa terapia non son eles. Baste ver que a idade media da poboación é inasumible, desempregados, pobres de pedir e de buscar no lixo, emigrados que buscan o seu pan. Eles dormen tranquilos, pensan que ninguén os sinala, impórtalles pouco as dificultades de

todos para chegar a fin de mes, dormen tranquilos bébedos de festexo. Non hai para vivir da pesca, para vender o leite, para ter médico accesible, ensino público de calidade, para ter dereitos e asistenciais sociais, vida digna. Nese mesmo rural ademais das terras, no abandono ou eucaliptos, tamén morren as persoas por falta da asistencia debida, tamén morren as plantas e os animais por fame e falta de economía que gratifique os produtos e o esforzo, pero tamén morre a Nosa Fala, a nosa esencia máis evidente. Se vivise Manuel María, os que o coñecemos sabémolo ben, dada a súa integridade, non casaría con eles, estes "autoritas" que saen na foto e que venden á Mai por un atado de poder. Poñeríalos verdes e chamaríalos á orde reclamando "sentidiño". Pódovos dicir que, tan honrado e correcto foi, non aceptaría sequera saír con eles sequera nas fotos. Mágoa teñamos que roer, estes días, louvanzas de traidores. Todos dormen tranquilos!

Por: Nemésio Barxa

Cando as Letras Galegas a Carvalho Calero?

Gostaria recuperar para nosa escrita as letras galegas como a J ou a G na súa fonética. Ou o final VEL. E a Ç. Tamén os dígrafos NH e LH no canto da estrangeira Ñ. Ou que pudesen utilizar as vogais na fonética que corresponde en cada caso. Menos mal que desde há poucos anos ao Q chamamos-lhe "que" e non "CÚ" como denantes. Sempre pola nefasta influencia de outro idioma de distinto tronco lingüístico. Gostaria que fose normal a escrita com a ortografía padrão no mundo da lusofonia; e gostaria, alo menos, que não me sancionaram por utilizar essa ortografia, que é a adequada.

Gostaria que na minha patria galega pudesen viver com normalidade em galego e que o galego se harmonizara com a norma padrão. Mas este desejo fica punido pelos poderes públicos do Estado espanhol em colaboração com serviles nativos colonizados que consideram a nossa uma cultura menor

e um idioma inutil para o que temem desenhado um final implacavel. Atopam atrancos no seu caminho de morte pois somos muitos os que não desistimos na luta e pulamos por recuperar lingua e cultura e com elas a nossa identidade, também em causa.

Gostaria que a nação portuguesa fosse consciente de que a comunidade galega forma parte da mesma cultura e tronco lingüístico, o da lusofonia; esse reconhecimento social e político outorgaria uma importante ajuda para enfrentar os muitos reptos culturais aos que encara o galego. A dificuldade de viver na Galiza plenamente em galego vem propiciada por actuações políticas restando ensino em galego ou profesorado que ensine em galego e estorbando o emprego da lingua em centros oficiais, além de uma actuação soterrada para trasladar á sociedade o desprezo por um idioma que alcumam de inutil. Os roles adoptados desde sempre polos governantes espanhóis e portugueses versus a Galiza e sua cultura venhem de longe e temhem muito que ver com a política. O Estado espanhol, e a maioria de seus cidadãos, pensa que um achegamento cultural e lingüístico entre a Galiza e Portugal

(que partilham a mesma cultura e idioma) poderia gerar ou incrementar sentimentos soberanistas no povo galego ou incluso tentações de ir mais alá da cultura no seu abeiramento. Pola sua parte Portugal, consciente do problema na sua fronteira Norde, prefere ignoralo para evitar briga, amuo ou disputa com seu parceiro mais poderoso na península ibérica. O Estado espanhol permite cátedras de português em Extremadura, onde não existe confronto idiomático, mas não autoriza cátedras de português nas Universidades Galegas. O Governo português ha uns anos vetou a entrada da Galiza nas PALOP, como país que é de lingua oficial portuguesa, que tinha todos os parabens do resto dos países integrantes. O Estado espanhol não aceita que o galego seja o português falado na Galiza e considera que o português é uma lingua estrangeira e que o galego escrito com ortografia padrão portuguesa não é galego senom um idioma extrangeiro. É um dos métodos para levar a cabo o lingüicídio: erradicar o galego do seu tronco común da lusofonia e incluílo no tronco do castelhano, convertindo-o num dialecto.

Nos últimos tempos vimos ob-

servando alguns movimentos favoraveis em Portugal como a recepção que há poucos anos dispensou a Assembleia da República a vultos da cultura e política galega onde apresentaram um relatorio de qual era a situação cultural e lingüística e quales o comportamento que se aguardava do governo e povo português na defesa de uma comunidade pertencente ao seu mesmo tronco cultural e idiomático. Foi interessante, mas sem resultados práticos; queremos reconhecimento do idioma e do tronco común, ensino em galego/português, recepção das emisoras de TV de Portugal, normalização do emprego do idioma... No mes passado houve outra comparecencia na Assembleia da República de intelectuais galegos apresentando um novo e actualizado relatorio do que existe o do que se pretende. O grande problema é que não podemos perder tempo e que seria precisa uma actuação clara por parte do governo de Portugal em ajuda da cultura e lingua na Galiza, e seria um avanço importante a integração da Galiza nos PALOP.

Négase sistematicamente pola Real Academia Galega concederlhe o Ano das Letras a Carvalho Calero por ter sido um

importante valedor da corrente reintegracionista que o que pretende é chegar o galego as normas padrom do português. Este ano concedeuse ao poeta chairego, poeta da terra, Manuel Maria Fernández Teixeira, teimudo e constante defensor da lingua e duma Galiza soberana, dos que nunca se renderam nem se integraram em movimentos ou aventuras com elementos centralistas ou que se diram a mao com os que sempre se aproveitaram de nos. Poeta da fala que nos dizia: "Hai que defender o dioma como sexa/con rabia, con furor, a metrallazos/hai que defender a fala en loita rexa/con tanques, avions i a puñetazos/... temos que pelexar cos renegados/cos que intenta borrar a nosa fala/temos que loitar cos desleigados/que desexan matala e enterrala". Grande amigo de Portugal como prova no seu poema a Portugal que "En ti atopei os sonhos meus/Reconhecim en ti o meu espirito/... Comprendo Portugal a tua fazenda.../Nom quero falar de Dom Henrique/nin de feitos groriosos memorabeis/Só quero dicir que a tua saudade/é o reino que aneia a miña alma!".

Devemos ser conscientes que o idioma português na península Ibérica testa polo Sur, polo Oeste e polo Norte com o Oceano Atlântico.




Manuel María, do existencialismo ao compromiso

Nado en Outeiro de Rei (Lugo) o 6 de outubro de 1929 e finado na Coruña o 8 de setembro de 2004, coñecido como Manuel María, foi poeta, narrador e dramaturgo recoñecido de extensa obra e profundo compromiso político co nacionalismo galego. Fillo de Antonio Fernández Núñez e Pastora Teixeira Casanova, a súa familia labrega acomodada educouno nun ambiente tradicional e relixioso, ao mesmo tempo que lle ofreceu a oportunidade de achegarse á lectura desde o propio fogar. Cursou o primeiro ensino en Rábade, na outra beira do río Miño con respecto a Outeiro de Rei, e, co pasamento de seu pai o 2 de maio de 1943, Manuel María trasladouse a vivir a Lugo co seu tío Xosé Fernández ata que, en 1958, se instala en Monforte. Ao tempo que cursou o ensino secundario entre o Instituto Masculino e o colexio dos Maristas da cidade de Lugo, o futuro escritor non ignorou a abondosa biblioteca que o seu tío, párroco e profesor, albergaba na casa. Tamén nesta altura temperá comezou a entrar en contacto co insigne poeta do Courel, Uxío Novoneyra e, máis adiante, no faladoiro do Méndez Núñez, aviváronse as inquietudes intelectuais do noso biografado ao entrar en contacto co doutor Luís Pimentel, co pensador Celestino Fernández de la Vega, cos escritores Ánxel Fole e Álvaro Cunqueiro ou cos profesores Carballo Calero e Aquilino Iglesia Alvariño, que daquela exercían a docencia en Lugo. Chegado o ano 1949, os seus versos viron por primeira vez a luz na revista de poesía Xistral, fundada por el mesmo, cando cursaba sétimo de bacharelato, coa axuda do seu amigo Manuel Antonio Sopena. O seu primeiro libro tampouco tardou en chegar: Muíñeiro de brétemas publicouse en 1950, cando o autor contaba só 19 anos, o que o converteu no poeta máis novo que publicaba en galego na posguerra. Aínda debedor da mocidade, este primeiro poemario inaugurou a denominada 'Escola da Tebra', caracterizada pola influencia da filosofía existencialista de Martin Heidegger e Karl Jaspers, así como tamén pola obra de Jean-Paul Sartre e Albert Camus.

Libro de poemas

Aínda que o seu desexo era estudar Filosofía, a vontade de seu tío levouno a matricularse en Dereito na Universidade de Santiago de Compostela no ano 1951; época en que concibiu o libro de poemas Morrendo a cada intre, publicado en 1952. A morte por atropelo do seu irmán Xesús María aos 13 anos multiplicou certa angustia existen-

cial que xa acompañaba ao poeta e favoreceu a creación de Libro dos pregos, un conxunto de poemas premiado en Bos Aires no ano 1955 e publicado con algúns cambios oito anos despois. Co seu amigo Uxío Novoneyra realizou o servizo militar en Compostela nun momento no que os dous se achegaron ao pintor Carlos Maside, que introduciu a Manuel María nas teses marxistas. Nesta altura par-



ticiparon do faladoiro do Café Español a carón de Borobó, Bouza Brey, Ramón Luguís, García Sabell, Ramón Piñeiro, Otero Pedrayo... e outros escritores máis novos como Pura Vázquez, Pilar Vázquez Cuesta, Celso Emilio ou Xosé Manuel Beiras. Manuel María era, xa naquela altura, coñecido nos centros culturais do país e participaba en numerosos recitais de poesía os anos 50. Arredor de 1954 foi convidado por Ramón González Alegre, director da revista Alba, a colaborar na publicación e na súa casa coñeceu a dous poetas dos máis novos: Bernardino Graña e Xosé Luís Méndez Ferrín, co que mantería unha forte relación amistosa.

Procurador

Ao rematar o servizo militar volveu a Lugo, onde se preparou para Procurador dos Tribunais desde 1953. No ano seguinte, gañou os Xogos Florais de Ourense e coñeceu algúns dos máis importantes intelectuais ourensáns: Cuevillas, Antón Tovar ou Vicente Risco. Nos anos seguintes participou en diversos certames poéticos -A Coruña, 1960; a Mariña de Lugo, 1965; Vilagarcía, Monforte, Guimaraes...-, mentres, en 1957, acadou o título profesional de Procurador, que o

levou a comezar o exercicio da súa profesión en Monforte. En maio de 1959 casou con Saleta Goi García, unha muller que o acompañou en na maior parte dos seus proxectos e a quen o poeta quixo citar ao longo da súa obra. Nos anos sesenta e setenta a poesía e a narrativa de Manuel María avanzou desde unha voz existencialista ou pesimista cara ao compromiso social, canalizando unha resposta

nacionalista ao franquismo. No entanto, a carón do traballo intelectual, o poeta manifestou o seu compromiso na militancia política clandestina. Así, formou parte da UPG e da Fronte Cultural da ANPG. Este comportamento provocou a súa marxación en certos sectores intelectuais que se ben traballaban na resistencia cultural, non aprobaban a participación en organizacións políticas marxistas. Neste sentido, a disparidade de posicións con respecto ao grupo de Galaxia, levouno a formar a Editorial Xistral en Lugo, no ano 1952. Seis anos máis tarde, en Monforte, con Saleta, publicaron a colección Val de Lemos, onde viron a luz poemas de Luz Pozo, Carballo Calero, Pura Vázquez e Cabanillas. No ano 1970, Manuel María e Saleta abriron en Monforte a Librería Xistral, entendida, máis que coma unha tenda, coma centro de dinamización cultural.

A música

No ano 1968 naceu Nova Canción Galega, un movemento musical de especial relevancia na nosa historia que foi presentado polo escritor no Cine Capitol de Compostela o 1 de decembro. A partir daquela altura, Manuel María converteuse

nun dos poetas máis cantados polos grupos galegos marcadamente antifranquistas e galeguistas. De feito, a implicación política do noso autor non cesou e, en 1977, presentouse de número un na lista do BN-PG ao Senado por Lugo. Asemade, nas primeiras eleccións municipais tras a ditadura foi escollido concelleiro polo BNG en Monforte. Máis tarde chegou a ruptura coa UPG-Liña Proletaria liderada por Ferrín, que concluíu coa continuidade de Manuel e Saleta na UPG. En 1999 o poeta, xa asentado na Coruña, foi na lista do BNG ás eleccións europeas que supuxeron a designación do primeiro deputado nacionalista no Parlamento de Estrasburgo.

A súa produción literaria non se viu afectada a causa da implicación política. Pola contra, o escritor multiplicou a súa actividade publicando varios libros de literatura infantil. A diversidade nos xéneros que practicou recoñeceuse ao gañar, en 1976, o I Concurso de guións cinematográficos de Nós. Cinematográfica Galega. Na súa poesía, 1977 supón un ano ponte entre Poemas pra construír unha patria, o libro máis definido na aposta nacionalista, e Poemas ó Outono, que marcan en parte unha nova etapa que continua con Libro de Baladas e Poemas da Labarada estremecida, publicado en 1981, onde analiza a vida desde unha perspectiva máis madura, con maior preocupación pola forma dos versos e onde se produce, tamén, un regreso á infancia, á paisaxe das súas orixes, Outeiro, a Terra Chá.

Ensaaios

Ademais da literatura, escribiu ensaios sobre Bouza Brey, Celso Emilio Ferreiro, Gabriel Aresti ou Crecente Vega. E publicou centos de artigos e algunhas pezas de teatro en xornais e revistas galegas ou de fóra como El Ideal Gallego,

El Correo Gallego, El Progreso, Grial ou A Nosa Terra, onde escribiu baixo o pseudónimo Manuel Hortas Vilanova. Unha das últimas campañas coas que colaborou foi coa Burla Negra e a Plataforma Nunca Máis a raíz do desastre do barco petroleiro Prestige. Ao longo da súa vida, foi recoñecido con numerosos galardóns entre os que podemos salientar o premio "Celanova, casa dos poetas", outorgado en 1990, ou o "Pedrón de Ouro", outorgado en 1994 na Casa Museo de Rosalía de Castro. Asemade, 15 de setembro de 1995 a Asociación Socio-Pedagóxica Galega dedicoulle unha homenaxe no Teatro Rosalía de Castro da Coruña e, en maio de 1997, a Asociación de Escritores en Lingua Galega organizou en Outeiro de Rei a homenaxe "O escritor na súa terra" que supuxo a plantación dun carballo, o descubrimento dunha pedra conmemorativa e a inauguración dunha rúa co nome do poeta. Outros lugares coma Lugo, Monforte ou A Pobra do Caramiñal, contan tamén cunha rúa na súa honra. A influencia do escritor foi tal que a súa reivindicación da Terra Chá obtivo os seus froitos cando, en xuño de 1990, a Asociación Xermolos celebrou os Primeiros Encontros na Terra Chá, unha cita que segue a ter lugar todos os anos co obxectivo de estudar a obra dun creador da comarca. Ademais, en 1999, todos os centros de ensino da Terra Chá, xunto con colectivos culturais e concellos, decidiron celebrar todos os 21 de marzo o "Día das Letras Chairegas", cuxo primeiro homenaxeado, no ano 2000, foi Manuel María. No ano 1987 foi nomeado fillo adoptivo de Monforte e, en 1998, instalouse na cidade da Coruña, onde viviu ata a súa morte. O 15 de febreiro de 2003 -a proposta de Xosé Luís Franco Grande, Ramón Lorenzo Vázquez e Xosé Luís Méndez Ferrín- ingresou na Real Academia Galega.

Manuel María en Monforte

Algo máis de 20 persoas leeron algúns versos de Manuel María para renderlle homenaxe no Día Internacional do Libro. A cada un dos participantes no acto o Concello agasalounos cunha rosa de cor branca. O alcalde, José Tomé, e a concelleira de Cultura, Marina Doutón, foron algunhas das voces que se escoitaron na praza Ponte Fontecha de Monforte. Veciños da cidade que se sumaron ó acto coñeceron moi de preto ó escritor, polo que ademais de ler unha parte da súa obra, tamén

tiveron agarimosas e emocionantes palabras para lembrar á figura do escritor.



■ Acto diante do busto de Manuel María en Monforte.

Letras Galegas

A cultura castrexa

Por: Ramón Coira Luaces

A cultura castrexa comeza a partir do século IX antes de C. Nesta época, os contactos entre o mundo atlántico fanse máis escasos e xurden núcleos culturais independentes entre si, como o galaico. Consólidase o proceso de sedentarización e esta convértese en plena e definitiva. Pode que por influencia dos fenicios, accédese tamén ao coñecimento da metalurxia do ferro, aínda que o bronce síguese usando tamén e coexisten ambos os dous. Os poboados gozan de murallas e parapetos e están construídos en elevacións naturais do terreo, desde os que que contemplaba con facilidade as terras de cultivo. As rutas marítimas están en poder dos fenicios, polo que o mundo castrexo é un mundo máis pechado en si mesmo. A sociedade non é complexa, pero si está xerarquizada. Porén o feito de que fose unha sociedade guerreira en constante tensión bélica non está documentado e as armas atopadas nos xacementos son escasas; se ben hai problemas para a conservación do ferro no acido e húmido chan galego. Eran sociedades campesiñas practicamente auto-suficientes, autárticas; relacionadas só co seu entorno inmediato. É o castro e non a familia o referente directo da orixe do individuo, como pon en relevo a epigrafía galaico-romana. Hai quen di que as murallas proporcionaban prestixio e protección psicolóxica e disuasión pasiva aos habitantes do castro. Está claro que tiñan sensación de perigo, pero non sabemos en que consistía exactamente ese perigo.

A diferenza social non se estrebrece no tamaño das vivendas, sendo estas sinxelas e de planta circular, xeralmente. As paredes eran de pedra e os tellados vexetais. Os pavimentos normalmente eran de terra pisada. Tiñan unha



lareira e, ás veces, un banco corrido de pedra. Podían ter vestíbulo ou non e outras edificacións anexas que servían como cortellos ou almacéns. Hai tamén fornos e muíños de man. É unha sociedade campesiña, con certos especialistas como os encargados dos labores metalúrxicos: extracción, transformación e fundición. Cultivaban cereais de inverno e de primavera, contaban



cunha cabana gandeira complexa (ovellas, cabras, bóvidos, cabalos, pitas) e recolectaban landras e outros froitos silvestres. Nas zonas costeiras había pesca de baixura e marisqueo e nestas zonas era onde se realizaban os in-

tercambios comerciais máis importantes. No século V a cultura castrexa aparece como algo xa consolidado. Aumenta a desforestación dos bosques e a erosión dos

solos. Na produción de cerámica prodúcense avances nos aspectos técnicos e formais. Emprégase o torno lento e fornos de cocción máis complexos. Cambian os estilos decorativos e tamén as técnicas. No século II comezan os contactos co Imperio Romano, que desembocarán na conquista do territorio por parte de Roma; porén a cultura castrexa perviviu baixo dominio romano, nun proceso de cambios e transformacións profundas. Hai quen fala dos castrexos como aliados de Roma, máis que sometidos pola forza das armas, e que reciben desta un relativo bo trato. As élites indíxenas terían colaborado cos conquistadores romanos, que as utilizaron para controlar ás comunidades. Porén as campañas militares de Roma e a súa presenza militar na futura Gallaecia están documentadas. Baixo dominio romano, o castro e o pobo (grupo de castros dun territorio) son os que identifican a orixe dunha persoa. As fontes latinas permiten coñecer a súa distribución por toda a Gallaecia. A estrutura socioeconómica é máis desenvolvida e lévanse a cabo importantes obras de infraestrutura, como calzadas, pontes,... Neste proceso de enriquecemento, foise reforzando o papel das élites locais, como demostran as fermosas pezas da ourivería castrexa, destinadas ao adorno persoal, e os traballos da pedra, ben de motivos decorativos da arquitectura, ben dos "guerreiros". As murallas dos castros son maiores e máis complexas; e o feito de que Roma as consinta podería reforzar a tese da feble resistencia armada á conquista. A relixión era complexa, con diversas divinidades e rituais, según os lugares. Era panteísta de base natural, onde están presentes fontes, montañas, ríos, penedos, astros, árbores, encrucilladas,...

A ANPA Tea rexeita a LOMCE e as súas reválidas de 3º e 6º de primaria

Os días 11, 12 e 13 de maio se realizarán no noso centro as probas de avaliación instauradas pola LOMCE para 6º de primaria, e os días 24 e 25 do mesmo mes, serán as de 3º de primaria. Estas probas serán individualizadas e terán resultados específicos para cada alumno e alumna. As probas de 3º avaliarán o grao de dominio das destrezas, capacidades e habilidades do alumnado en expresión e comprensión oral e escrita, cálculo e resolución de problemas en relación coa adquisición da competencia en comunicación lingüística e da competencia matemática. O profesorado que lles aplique as probas non poderá ser de lingua -galega ou castelá- nin de matemáticas. Por outra banda, o profesorado que corrixa as probas aínda que si será de lingua e matemáticas, non poderá ser o habitual do alumnado de 3º.

As probas de 6º avaliarán a comunicación lingüística (castelán, inglés, galego) a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. Serán aplicadas e corrixidas por profesorado que non imparta clases a este alumnado.

É o Goberno do Estado quen establece os criterios de avaliación e as características xerais das probas para todo o sistema educativo español e expresará os resultados das probas en niveis. Cada alumno e alumna terá un nivel que constará nun informe que se facilitará -entre outros- ao centro no que curse o seguinte curso escolar. Este nivel etiqueta aos nosos fillos e fillas obviando o tra-

ballo e esforzo acadados durante este curso e todos os anteriores.


A ANPA Tea rexeita estas avaliacións por non estar adaptadas á realidade de cada centro e de cada alumno e alumna, por ser claramente clasistas e elitistas, por pretender peneirar ao alumnado socialmente desfavorecido, por ser antipedagógicas e someter ás nenas e nenos a un estrés innecesario para a súa aprendizaxe e formación.

En Euskadi, Navarra, Canarias, Castilla-La Mancha, Asturias, Aragón e Cantabria son os propios gobernos autonómicos os que non levarán a cabo as probas, a Comunidade Valenciana e Extremadura fixeron un recurso ao Tribunal Supremo. A principios de abril, a maioría do Congreso votaba a favor da paralización da implantación da LOMCE. En Gali-

cia, as confederacións de ANPAS chaman ao boicot destas probas.

Por todo isto, animamos ás familias a que eviten e rexeiten estas probas non enviando as súas fillas e fillos a clase durante os días das reválidas. O alumnado non perderá materia xa que eses días somentes se adicarán exclusivamente ás probas. Non nos gusta promover o absentismo escolar, mais este é o único xeito de evitalles a reválida, xa que o profesorado está obrigado a facerlla se están na aula. Cun xustificante de ausencia asinado pola nai, pai ou titor/a é máis que suficiente.

Por outra banda, sabemos a dificultade dalgunhas persoas para conciliar o traballo con estas xornadas, pero cun chisco de vontade e organización entre familias pódese solucionar.



I Festival Costa dos Castros 17 e 18 de xuño - Oia



O Festival Costa dos Castros de folk e patrimonio histórico, nace como resultado do interese pola visibilización e divulgación do patrimonio cultural existente en concreto no Concello de Oia e en xeral en todo o País.

Por elo, non é un festival musical sen máis, senón que tamén permite a promoción e coñecemento da contorna oíense, así como outras cuestións relacionadas co patrimonio histórico, en especial a cultura castrexa, o desenvolvemento sostible, a artesanía, a diversidade social, a cultura tradicional galega, etc. Todo dende unha perspectiva cooperativista e comunitaria. Cantos de taberna, concertos ao vivo, foliadas, obradoiros e mostras, mercadiño, andainas, charlas, xogos populares, etc. Un conxunto de actividades que pretenden ofrecer unha programación de calidade, variada e para todo tipo de público, pensado para o desfrute da xente local así como para novos visitantes do lugar.

Este proxecto supón a colaboración do Concello de Oia coa Asociación Minho Reggae, así como tamén as diferentes Comunidades de Montes, asociacións folclóricas e sociais e empresas e hostalería da zona.

Os obxectivos son múltiples e moi diversos; para todas as idades e públicos e con actividades nas seis parroquias do Concello de Oia:

- Visibilizar, promover e divulgar a cultura tradicional galega, en concreto a música, a artesanía e o patrimonio; valorizando a tradición como forma de transmisión e de coñecemento da nosa cultura.

- Fomentar o respecto e o coñecemento da natureza.

- Crear e consolidar un Festival cultural e de música folk no Sur da provincia de Pontevedra. - Dinamizar e promocionar o Concello de Oia e as súas parroquias dando a coñecer o seu potencial turístico e cultural.

- Ampliar a oferta cultural e de lecer, aportando un novo reclamo turístico para Oia e toda a zona do Baixo Miño. - Fomentar actividades para toda a familia, visibilizando a diversidade social existente. - Fomentar a interrelación entre profesionais de distintos ámbitos artísticos. - Proporcionar a quen vai participar no festival un espazo para que amose o seu traballo.

Letras Galegas

Programa Cultural e das Letras



PROGRACIÓNCULTURALALMAIO

+ info en www.ecultura.net

A túa biblioteca é +

Grupos de conversación en inglés
3/10/24/31 de maio • De 19:00 a 20:00 h. / Requírese inscrición previa

Obradoiro de alfabetización dixital para persoas adultas.
Nivel iniciación
4/11/18/25 de maio • De 10:00 a 11:00 h. / Requírese inscrición previa

Lúa ConLuvras
5/12/19/26 de maio • Ás 18:30 h.

Obradoiro de iniciación a fotografía dixital
6/13 de maio • De 17:00 a 21:00 h. / Requírese inscrición previa

Clube de lectura de adultos/as
9/23 de maio • De 19:00 a 20:00 h. / Requírese inscrición previa

Clube de lectura de infantil
13/27 de maio • De 18:00 a 19:30 h. / Requírese inscrición previa

Obradoiro de poesía visual
Do 2 ao 6 de maio • Nos centros educativos do Porriño
Colabora o Concello do Porriño e os centros educativos

Encontro de cantareiras/ros do Porriño
5 de maio • Ás 17:30 h. • Praza Arq. Antonio Palacios
Cantareiras Centro de Día Navuxil e Centro de Día de Torneiros
5 de maio • Ás 20:00 h. • Praza Arq. Antonio Palacios
Asociacións culturais, veciñais e parroquiais do Porriño

Estructuras de maíos
5 de maio • Ás 20:00 h. • Praza Arq. Antonio Palacios
Asociacións culturais, veciñais e parroquiais do Porriño; Centro Aíaga, Centro de Día de Torneiros, Centro de Día Navuxil e Centro Sociocomunitario; CEIP de Alios, CEIP Ribeira e Aceasca

Encontro de gaiteiros/as, asociacións culturais e veciñais do Porriño + Grupo folk convidado: Airiños da Peneda do Viso
6 de maio • Ás 20:00 h. • Praza Arq. Antonio Palacios

Teatro. Balor na acción dunha cadeira
7 de maio • Ás 20:00 h. • Centro Cultural Municipal do Porriño
Compañía: ARTESA.CIA

Serán. Cantareiras Fonteliño + Pandereteiras Cheira a Gható
7 de maio • Ás 23:00 h. • Praza de San Sebastián
Colabora o Concello do Porriño

Festa gastronómica dos Cachos
8 de maio • A partir das 12:00 h. • Cristo dos Cachos
Colabora o Concello do Porriño, a Asociación de Hosteleiros do Porriño e a Asociación Vecinal San Benito e San Sebastian

Feira do libro de Galicia + Animación de rúa
Do 12 ao 15 de maio • Todo o día • Rúa Ramón González (peonil)

Banda de Música Municipal do Porriño
12 de maio • Ás 19:30 h. • Praza Arq. Antonio Palacios
Inauguración da Feira do libro de Galicia

Galegas do Porriño, 2016



Guía Gastronómica

O Pazo de Canedo un referente en Ourense



Restaurante Pazo de Canedo forma parte da oferta de establecementos de dous tenedores dos que se pode gozar en Ourense. Dispón de catro sa-



■ Salón para todo tipo de celebracións.



■ Comedor á carta.

lóns individuais e aparcadoiro privado. O restaurante está situado na localidade de Quintela. Así, a só tres minutos

en coche pódese chegar ás termas de Outariz para gozar dun baño termal e aproveitar a posibilidade de tomar o sol nas beiras acondicionadas do río Miño. O Pazo de Canedo é un lugar con historia a

nal con toques renovadores na que a calidade do produto é a súa máxima. Peixes das rías galegas, carnes de gando autóctono e produtos de tempada é a oferta culinaria que se ofrece, todo iso acompañado dun servizo amable e atento en todos os detalles. Na adega, viños de todas as denominacións de orixe galegas e representación das nacionais. Dispón dun salón de carta diario, terrazas, comedores privados e un salón para realizar todo tipo de celebracións con capacidade para 160 persoas.



■ Exterior do edificio.



■ David Rodríguez recibiu este ano en Xantar (Expourense) o Prato de Ouro.

MONÇÃO

Inauguração do núcleo museológico “Torre de Lapela”



Lmóvel histórico, classificado como monumento nacional desde 23 de junho de 1910, abre ao público no dia 27 de maio, sexta-feira, pelas 21h00, permitindo um maior contacto com a história e uma paisagem deslumbrante sobre o rio Minho, casario tradicional de Lapela e margem galega.

Trata-se de uma aposta clara do atual executivo na valorização do património construído e na re-

talização da memória coletiva dos monçanenses, assumindo-se como mais um motivo de visita para quem se desloca a Monção.. Edificação com valor histórico e cultural, a sua construção é austera e minimalista, onde o supérfluo não existe e a beleza reside na simplicidade. Apresenta uma tipologia de torre isolada, com remate ameado e acesso principal e único num patamar elevado.

PORRIÑO

Coordinar proxectos de formación dos estudantes a nivel europeo

Será tarefa da Concellaría de Educación do Concello do Porriño, que beneficiará a estudantes do Porriño, Mos, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Ponteareas e Tui

A Concellaría de Educación, que dirixe Lourdes Moure, impulsará, contando coa experiencia de Amador Ordoñez, coordinador de proxectos europeos do IES Ribeira do Louro, ‘A Game for promoting entrepreneurship across European Schools’, un proxecto que será presentado dentro do Programa Erasmus+ Asociacións Estratéxicas, Educación Escolar, e que ten coma obxectivo impulsar o concepto de emprendimento entre os alumnos de distintos niveis educativos, optando a fondos europeos para poder levar adiante os seus obxectivos.

O primeiro deles é a creación dunha Plataforma on line para promover nos centros de formación, e para traballar conxuntamente, a nivel europeo, dando pulo á idea de emprendedor entre as alumnas e alumnos, poñendo en man dos centros unha ferramenta que facilite esta labor mediante a formación de profesores e estudantes. Os alumnos terán unha visión máis crara da realidade actual do mundo da empresa, en especial coñecendo que sectores están a medrar, atopar ocos de mercado, coñecer as novas estratexias empresariais ou o es-

tado da globalización do mercado, de xeito que, por medio de ideas en común, experiencias e ideas conxuntas de cada un dos socios que participan nesta Plataforma, conseguir unha visión máis real do que debe de ser unha empresa na actualidade.

O proxecto, coordinado polo Concello do Porriño, estará integrado polo IES Ribeira do Louro, o Dacorum Council for Voluntary Service, do Reino Unido, Atenea, de Portugal, University of Business and Enterprise, de Polonia e Magestil - Escola Profesional de Portugal.

O vindeiro martes, día 10, no Restaurante Manolo, haberá unha primeira xornada para falar sobre proxectos europeos, que segundo a alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre, “teñen unha importancia estratéxica” para o goberno local, na que estarán presentes, ademais da propia rexedora e a concelleira de Educación, representantes dos equipos directivos de centros de infantil, primaria e secundaria, que abrangue Formación Profesional, de Porriño, Mos, Salceda, Salvaterra, Ponteareas e Tui.

A idea final é a creación dunha rede de colaboración entre os cen-

tros, atraendo aos concelleiros de Educación destes concellos para conquistar proxectos europeos, unha xestión moi complexa que, como se viu na experiencia doutros países, como Suecia, só é factible creando ‘consorcios’ formados por centros, o que podería denominarse como ‘escolas de escolas’, que permitan optar aos devanditos fondos europeos de formación.

O primeiro paso pasará polo tecido desta rede a nivel dos concellos sinalados, aproveitando as súas sinerxías e a experiencia de máis de 20 anos que ten o IES Ribeira do Louro na xestión de proxectos a nivel europeo. Na xuntanza se explicará como funcionan os programas, como optar a eles e cómo poden aproveitarse dos mesmos tantos os alumnos destes centros públicos, como os seus profesores.



SALVATERRA

A Secretaría Xeral de Deportes renovará as pistas de tenis do Parque Público A Canuda

O Alcalde de Salvaterra explicou-lle ao Delegado da Xunta en Vigo en que van a consistir as obras de renovación das pistas de tenis, e que se engloba dentro da mellora dos equipamentos deportivos que está levando a cabo o Concello. Estas pistas teñen moitos anos e moito uso, xa que sobre todo aos fins de semanas son moitas persoas as que se achegan a Canuda para practicar este deporte. Temos que ter en conta que ao longo do mes son centos de persoas, non so da comarca, senón de toda a provincia e norte de Portugal as que se desprazan hasta Salvaterra para practicar diversas actividades deportivas e lúdicas, o Parque Público A Canuda é un dos espazos naturais con máis afluencia nestes momentos. Este proxecto pretende renovar o firme das pistas e as redes das mesmas, e así me-

llorar o servizo gratuito ofrecido polo municipio.

